



# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

---

**Grao en Lingua e Literatura inglesas**

**Curso Académico: Curso 2017-2018**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura inglesas
Mencións/Especialidades	Non
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar:** O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Como se especifica tanto no *Informe de Seguimento do Grao en Lingua e Literatura Inglesas 2016/2017* como no *Informe de Renovación de la Acreditación do Grao en Lingua e Literatura Inglesas (IRA GLLI 2015-2016)* (p. 3), e no apartado 2 ("Justificación, adecuación de la propuesta y procedimientos", p. 5; y Anexos: Apartado 2, p. 13-15) da *Memoria de Verificación* vixente do título, esta titulación segue respondendo ás demandas da sociedade no momento actual no que a lingua inglesa segue a utilizarse como lingua franca ou internacional nos máis diversos ámbitos da realidade. Esta situación xustifica a pertinencia dunha titulación que dota aos estudantes non só das destrezas necesarias para a comunicación fluída en lingua inglesa, senón tamén dun coñecemento extenso dos aspectos filolóxicos, lingüísticos, literarios e culturais asociados a esta lingua e ás sociedades que a manexan. A titulación fomenta deste xeito a comunicación transcultural, contribuíndo ademais á potenciación de valores de convivencia e tolerancia que permitan a apreciación da diversidade como un ben común e enriquecedor da sociedade. Proba desta actualización constante é a evolución dos contidos dalgunhas materias para dar entrada aos fenómenos lingüísticos e literarios actuais, e constátase ademais no interese manifestado polos estudantes nestes aspectos na selección de temas para os seus TFG. A maioría das universidades españolas contan con titulacións similares, feito que avala a relevancia da titulación, e, dentro do ámbito dos estudos de filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela, segue a ser a máis popular entre os estudantes, como proban os seguintes datos de matrícula:

#### **EVOLUCIÓN DOS DATOS DE MATRÍCULA**

A evolución dos datos relativos á matrícula en xeral confirma o interese do estudantado pola titulación:

- o número de prazas ofertadas mantense estable desde o curso 2011-2012 no que se estableceu unha limitación de 100 prazas ofertadas (IN01G-PC-05). Para máis información sobre a implantación desta limitación, consultar os *Informes de Seguimento do GLLI* dos cursos 2010-2011 (pp. 16, 19) e 2011-2012 (p. 16);

- a matrícula mantívose estable no curso 2017-2018 rexistrando un irrelevante descenso dos 476 estudantes rexistrados na titulación en 2016-2017 a os 469 matriculados en 2017-2018 (IN02G-PC-05). Este descenso ben pode ter unha interpretación positiva, se temos en conta que probablemente é o resultado do alto número de estudantes que se graduaron neste curso (72 segundo se desprende do Informe acreditación das cualificacións das materias do plan de estudos (2501099\_INF.15\_2017-2018)) a pesar do descenso da taxa de graduación, como se argumenta no CRITERIO 6.1 do presente informe;

- tanto a matrícula de acceso como a matrícula de novo ingreso por preinscrición descendieron lixeiramente no curso 2017-2018, pasando de 109 a 100 no primeiro caso (IN03G-PC-05) e de 101 a 97 no segundo (IN04G-PC-05). Como consecuencia, a variación da matrícula de novo ingreso por inscrición devolve un valor de -3,96 (IN05G-PC-05). O descenso na matrícula de acceso explicase parcialmente polo lóxico descenso no número de estudantes resultantes de

adaptacións dos plans en extinción co paso do tempo e polo lixeiro descenso no número de estudantes procedentes da ABAU. Este segundo dato explica tamén o descenso na matrícula de novo ingreso por preinscrición. A causa destas cifras parece estar no feito de que dos 113 estudantes procedentes de bacharelato orixinalmente admitidos, só 93 se matricularon definitivamente. O dato non parece realmente suxerir un descenso real na capacidade de captación de alumnos ou unha perda de interese na titulación, dado que o número total de solicitudes creceu no curso 2017-2018, pasando de 374 en 2016-2017 (2501099\_INF.CIUG\_2016-2017) a 403 en 2017-2018 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). No curso 2017-2018 rexistráronse 381 solicitudes procedentes de estudantes de bacharelato e 10 solicitudes procedentes de estudantes de Formación Profesional (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). Aumentou tamén o número de solicitudes en primeira opción, pasando de 129 en 2016-2017 (2501099\_INF.CIUG\_2016-2017) a 133 en 2017-2018 (2501099:INF.CIUG\_2017/2018), aínda que o número de estudantes matriculados que escolleran esta titulación como primeira opción descendeu moi lixeiramente, pasando de 92 en 2016-2017 (2501099\_INF.CIUG\_2016-2017) a 85 en 2017-2018 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). A falta de datos sobre a opción de escolla dos estudantes admitidos que nos permitirían saber cantos dos estudantes admitidos escolleran a titulación como primeira, segunda, terceira... opción, podemos suxerir que quizais o número de admitidos que non escolleran a titulación como primeira opción podería explicar a variación entre o número de admitidos de novo ingreso (125) e o de matriculados de novo ingreso (95) (2501099\_INF.CIUG\_2017/2018).

- mantense estable tamén a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, aínda que amosa un lixeiro descenso con respecto ao ano pasado, como efecto lóxico do dato sobre a matrícula de novo ingreso por preinscrición: a relación pasa así de 90% en 2016-2017 a 85% en 2017-2018, pero este último dato é moi similar ao rexistrado en 2015-2016, cando foi de 86% (IN10G-PC-05);

- a taxa de ocupación non chega por primeira vez ao 100% pero queda moi cerca, situándose no 97% (IN12G-PC-05). De novo o dato é derivado do lixeiro descenso na matrícula de novo ingreso por preinscrición que, como argumentamos máis arriba, parece deberse á diferenza entre o número de estudantes admitidos e o número de estudantes matriculados, flutuación probablemente debida ao sistema de chamamento á matrícula que utiliza a CIUG;

- tanto a porcentaxe de estudantes estranxeiros como a porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia descendieron case imperceptiblemente, pasando de 2,52% en 2016-2017 a 2,35% en 2017-2018 a primeira (IN08G\_PC\_05) e de 1,68% en 2016-2017 a 1,49% en 2017-2018 a segunda (IN09G-PC-05). En ambos os casos a porcentaxe supuxo en números absolutos tan só un descenso dun estudante: o número de estudantes estranxeiros pasou de 12 a 11 (IN08G-PC-05) e o número de estudantes nacionais de fóra de Galicia pasou de 8 a 7 (IN09G-PC-05). Tamén en ambos os casos os datos son superiores aos rexistrados no curso 2015-2016, cando se rexistraron 8 estudantes estranxeiros (IN08G-PC-05) e 6 estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09-PC-05). Parece, por tanto, apuntarse certa tendencia á estabilidade nestes datos;

- con respecto á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a través de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, obsérvase unha espectacular recuperación con respecto ao curso anterior, xa que pasa dun preocupante 3,78% en 2016-2017 a un 9,17% en 2017-2018 (IN18G-PC-05). Isto supón en números absolutos o paso de 18 estudantes en 2016-2017 a 43 no curso 2017-2018, preto do mellor dato histórico, rexistrado no curso 2014-2015, con 45 estudantes recibidos, o que supuxo entón un 9,7% (IN18G-PC-05). Acádase así por primeira vez un equilibrio entre a porcentaxe de estudantes recibidos e a porcentaxe de estudantes enviados, que tamén foi de 9,17% (43 estudantes), o que indica tamén unha recuperación neste dato que no curso 2016-2017 fora 7,98%, cun total de 38 estudantes enviados a través de programas de mobilidade (IN17G-PC-05);

- a capacidade de captación de alumnado da titulación na comunidade autónoma segue sendo indiscutible se temos en conta que un número importante dos matriculados de novo ingreso proceden de áreas de influencia doutras universidades que ofrecen titulacións similares: segundo o informe da CIUG, dos 93 estudantes de novo ingreso procedentes da comunidade matriculados na cota xeral, 11 son da provincia de Ourense e 39 da provincia de Pontevedra (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). Do total de estudantes do GLLI, 45 proceden da provincia de Ourense e 189 da provincia de Pontevedra (24 de Pontevedra, como no curso 2016-2017, e 22 de Vigo, dous menos que no curso 2016-2017). Dos estudantes procedentes da provincia de A Coruña, 13 proceden do municipio de A Coruña (15 en 2016-2017) e 14 do municipio de Ferrol (17 en 2016-2017) (2501099\_INF.16\_2017-2018).

## ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: SATISFACCIÓN DOS EGRESADOS

En xeral, os resultados das enquisas de satisfacción dos egresados parecen constatar a adecuación do perfil formativo:

- non se observan variacións significativas nos indicadores xerais: a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible foi de 2,97 fronte a 2,98 en 2016-2017 (IN23G-PC-12), o grao de satisfacción dos egresados cos servizos foi de 3,86 fronte a 3,97 en 2016-2017 (IN33G-PS-03) e o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi de 3,09 fronte a 3,32 en 2016-2017 (IN42G-S01-PM-01). Os tres datos mantéñense estables con descenso que non parecen significativos, dado que as flutuacións entre 2014-2015 e 2017-2018 en ningún caso chegan ao 0,4;

- con respecto á formación recibida, como en anos anteriores, os egresados manifestan un desequilibrio entre o nivel de satisfacción coa formación teórica e coa formación práctica: no primeiro caso o valor é de 3,56 (4 en 2016-2017), moi preto do 3,64 de media da USC, mentres que no segundo caso a valoración é moi inferior, sendo o único ítem que non acada o 2: 1,94 (2,3 en 2016-2017). A contribución da titulación ao desenvolvemento de distintas capacidades mantense estable, dado que aínda que algúns valores descenden (Capacidade de comunicación oral/escrita pasa de 4 en 2016-2017 a 3,06 en 2017-2018; Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo pasa de 3,8 en 2016-2017 a 3,28 en 2017-2018; e Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo pasa de 3 en 2016-2017 a 2,88 en 2017-2018), mantéñense preto das medias da USC (3,35, 3,40 e 3,05, respectivamente) e o resto dos valores ascenden na súa valoración en 2017-2018 con respecto a 2016-2017: Capacidade para a aprendizaxe autónoma pasa de 3,3 a 3,56; Pensamento crítico pasa de 3,4 a 3,72; Capacidade de traballo en equipo pasa de 2,8 a 2,89; e Capacidade de análise pasa de 3,33 a 3,39. Chama a atención o descenso drástico na valoración da contribución das prácticas externas, que pasa de 5 en 2016-2017 a 2 en 2017-2018, mentres que a valoración da contribución dos programas de mobilidade mantense en 5 (2501099\_INF.09\_2017-2018). O dato sobre a valoración da contribución das prácticas externas manifestado polos egresados contrasta co nivel de satisfacción coas prácticas externas manifestado polos estudantes que as realizaron no curso 2017-2018, que ascende de 4 en 2016-2017 a 4,39 en 2017-2018 (IN19G-PC-09) (vid. CRITERIO 1.2). Ascendeu lixeiramente a satisfacción dos egresados co grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala, pasando de 2,78 en 2016-2017 a 2,82 en 2017-2018, pero descendeu tamén lixeiramente a súa satisfacción global co profesorado da titulación, que pasa de 3,20 en 2016-2017 a 2,94 en 2017-2018. Este dato de novo contrasta coa lixeira recuperación no grao de satisfacción coa docencia recibida, que pasa de 3,84 en 2016-2017 a 3,88 en 2017-2018 (IN46G-S01-PM-01), motivo polo cal esperamos a ter datos sobre a evolución deste ítem en informes sucesivos antes de considerar necesaria algunha acción de mellora;

- no *Informe de Seguimento 2016/2017* púxose de manifesto e analizouse o preocupante descenso no nivel de participación dos egresados na enquisa de satisfacción; a este respecto cabe sinalar o considerable aumento de participación no curso 2017-2018, pasando de 16, 95% en 2016-2017 a 29,03% en 2017-2018, o que en números absolutos supón un incremento de resposta de 8 estudantes (10 deron resposta en 2016-2017 e 18 en 2017-2018) (2501099\_INF.09\_2017-2018).

## ADECUACIÓN DO PERFIL FORMATIVO/EGRESO: DATOS DE INSERCIÓN LABORAL

Os resultados de inserción laboral cos que contamos corresponden ao ano 2016 e refírense á cohorte de egresados de 2013-2014 (I13: 2501099\_EIL-SIIU\_2015-2016 "Resultados de inserción laboral"), é dicir, son os mesmos resultados cos que contabamos dous cursos atrás e polo tanto só cabe remitir á reflexión incluída no IRA GLLI 2015-2016, onde concluímos que "aunque los datos de inserción laboral no son todo lo alentadores que sería deseable, sí arrojan una evolución positiva hacia la estabilidad laboral, la mejora de los contratos y el reconocimiento de la formación académica. En este sentido es destacable que incluso en el segundo año casi el 60% tengan reconocida su categoría como graduados universitarios en sus contratos laborales" (IRA GLLI 2016-2017, p. 7).

Por todo isto considérase que o título desde os puntos de vista académico, científico e profesional segue a manter plenamente a súa validez nos termos formulados na *Memoria de Verificación*.

O acceso e admisión de estudantes véñense realizando conforme se indica na *Memoria de Verificación* do título e no SGIC do centro, en particular nos documentos MC-05 (Políticas e procedementos de admisión) e PC-04 (Captación de estudantes).

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### OFERTA DE MÓDULOS, MATERIAS, ASIGNATURAS

Como indicamos no IRA 2015-2016, en xeral, estanse a cumprir fielmente os compromisos formulados na *Memoria de Verificación* do título con respecto á estrutura do ensino, á programación e posta en marcha das diferentes materias e módulos que compoñen o plan de estudos e ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe proxectadas. A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de Verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións debidamente analizadas no IRA 2015-2016 (p. 8).

Cómpre destacar no presente informe que a incorporación no curso 2016-2017 dunha modificación no plan de estudos do GLLI, que afectaba aos módulos complementario "Filoloxía clásica I" e optativo "Filoloxía Clásica II", trouxo consigo a execución do procedemento legalmente establecido (V. *Informe de Seguimento 2016/2017*, pp. 7 y 56), de xeito que se procedeu á revisión e actualización da *Memoria de Verificación* da titulación, o que supuxo a revisión das fichas de cada unha das materias para corrixir erros de forma e completar algún dos seus apartados, e a actualización de datos referentes aos resultados da aprendizaxe, prácticas externas etc.

### TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

A tipoloxía das actividades formativas no curso 2017-2018 axustouse á descrición exposta na *Memoria de Verificación*, tal e como se explica máis detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (pp. 9-10). Como xa se constatou neste informe, así como nos Informes de seguimento do GLLI dos cursos 2010-2011 (pp. 21-22), 2011-2012 (pp. 21-22), 2012-2013 (pp. 21-22), 2013-2014 (p. 17) e 2016-2017 (p. 8), a implantación das titorías programadas segue a constituír un problema organizativo en parte debido a que non son recoñecidas como actividade docente plena no POD. Durante o curso 2017-2018 non se produciron cambios significativos na tipoloxía das actividades formativas.

### PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

Como se pode comprobar consultando os programas das materias (<http://www.usc.es/gl/Centros/filoloxia/programas.html?plan=12870>), as actividades académicas, así como as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación vixentes, buscan garantir a consecución das competencias (básicas, xerais e específicas) da titulación referidas no Apartado 3 da *Memoria de Verificación* (pp. 5-6). En cada curso, os estudantes teñen ao seu dispor na web unha versión máis completa e detallada destes programas en forma de Guía Docente, que poden consultar no seguinte enlace: [http://www.usc.es/gl/Centros/filoloxia/guiaCentros/grao\\_ingles.html](http://www.usc.es/gl/Centros/filoloxia/guiaCentros/grao_ingles.html). Como ocorreu xa no curso anterior, o alumnado manifesta un alto grao de satisfacción nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida en aspectos relacionados coa programación: o ítem "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" acadou unha valoración lixeiramente superior en 2017-2018 con respecto á valoración do curso anterior, pasando de 4,06 en 2016-2017 a 4,15 en 2017-2018, e o ítem "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" tamén mellorou, pasando de 4,10 en 2016-2017 a 4,19 en 2017-2018 (2501099\_INF.13\_2017-2018). A valoración do aspecto "A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino

e a avaliación da aprendizaxe" na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación en contraste descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 3,27 en 2016-2017 a 2,84 en 2017-2018, situándose así lixeiramente por debaixo da media da USC, que foi de 3,07 (2501099\_INF.22\_2017-2018).

A Acción de Mellora (AM-01) proposta pola comisión do GLLI no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas*, aprobado o 23/06/2017 pola Comisión de Título de GLLI e o 26/06/2017 pola Comisión de Calidade do Centro, consistente no "Establecemento de un protocolo de actuación para la detección de desajustes entre programación docente y memoria de Verificación del título. Adopción de medidas de cara a asegurar el necesario ajuste entre la memoria verificada y la programación docente de las distintas asignaturas que se imparten en el título" (p. 4) foi executada no período indicado para a súa realización (outubro 2017-xullo 2018), o que supuxo un arduo labor de revisión dos distintos apartados da programación das materias para detectar desaxustes e resolvelos. En cumprimento da devandita Acción de Mellora 1 (AM-01), a Comisión do GLLI en reunión celebrada o 16 de febreiro de 2018, fixou un protocolo de actuación para a detección de desaxustes entre a programación docente e a memoria de verificación do título.

Tras debater sobre este aspecto, a Comisión acordou levar a cabo (a) unha acción inicial de revisión dos contidos dos programas das materias para asegurar a súa adecuación ao estipulado nas fichas das materias na memoria verificada, que (b) sería posteriormente completada coa revisión doutros aspectos como as competencias e a avaliación seguindo as instrucións pertinentes da Área de Calidade da USC.

Para levar a cabo a tarefa de adecuación dos contidos, a Comisión do GLLI estableceu unha división do traballo en tres fases:

- (A) Detección de erros e desaxustes entre os programas vixentes de cada materia e as fichas das materias na memoria verificada por parte do profesorado da titulación.
- (B) Debate sobre os erros e desaxustes detectados en reunións co resto do profesorado implicado na docencia de materias da mesma subárea de coñecemento, sendo estas subáreas as seguintes: lingua instrumental e didáctica da lingua, gramática, historia da lingua, historia e cultura, literatura inglesa e literatura norteamericana. Deste xeito pretendíase ademais detectar posibles solapamentos ou lagoas, así como incoherencias entre as distintas materias.
- (C) Os informes resultantes destas reunións serían estudados pola Comisión do GLLI e o resultado desta deliberación sería transmitido ao decanato.

Polo que respecta aos apartados de competencias e avaliación, a comisión decidiu esperar a unha próxima reunión da Comisión de Calidade do Centro con representantes da ACMP co obxecto de recibir asesoramento sobre as medidas que debiamos e podiamos tomar.

Seguindo o protocolo establecido, os membros da Comisión do GLLI contactaron co PDI para levar a cabo as dúas primeiras fases de (A) detección de erros e (B) celebración de reunións por subáreas para debater sobre posibles erros e desaxustes. Os resultados destas dúas fases foron tidos en conta na elaboración dos contidos dos programas das materias que dentro da dinámica habitual foron (C) transmitidos ao decanato para a súa aprobación en Xunta de Facultade. Polo que respecta aos apartados de competencias e avaliación, dado que non se celebrou a reunión anunciada con representantes da ACMP, previamente á aprobación da programación docente para o curso 2018-2019, como cada ano, a Comisión do GLLI realizou a súa revisión e orientou o PDI das materias do Maior do GLLI e das materias optativas de especialización, lembrándolles a necesidade de que consultaran as fichas das materias na *Memoria de Verificación* da titulación e adaptaran as competencias dos programas das súas materias ás estipuladas neste documento. A adaptación da programación actual das materias á *Memoria de Verificación* pode constatarase consultando os apartados de contidos, competencias e avaliación nos programas das materias.

Dado que o proceso de revisión e actualización do plan de estudos da titulación esixido pola ACSUG como resultado do seu *Informe provisional de verificación da modificación da memoria do Grao en Lingua e Literatura Inglesas*, recibido o 20 de xullo de 2018, tivo lugar cando a programación académica para o curso 2018-2019 xa estaba aprobada, a Comisión do GLLI volverá revisar con especial atención os posibles desaxustes que se poidan ter derivado deste



proceso, ademais dos posibles desaxustes que poden xurdir no devir habitual.

## SATISFACCIÓN COA PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS, OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

No Informe das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a titulación, “A organización temporal das materias no plan de estudos”, “A proporción entre as sesións teóricas e as prácticas da titulación” e “O desenvolvemento das ensinanzas da titulación” obtiveron valores inferiores aos obtidos no curso anterior e só no caso do segundo ítem superior á media da USC: os valores respectivos foron 2,16 fronte a 2,65 no curso 2016-2017 e fronte a 2,52 de media na USC, 2,88 fronte a 3,08 en 2016-2017 e fronte a 2,77 de media na USC, 2,42 fronte a 3 en 2016-2017 e fronte a 2,91 de media na USC (2501099\_INF.22\_2017-2018). Tal e como se constataba no *Informe de Seguimento* de 2016-2017, os resultados manifestados polo profesorado nestes mesmos aspectos son considerablemente máis altos ca os manifestados polos estudantes e non se observan variacións significativas con respecto ao ano anterior e con respecto á media da USC. Tales resultados foron respectivamente: 3,53 fronte a 4,09 no curso 2016-2017 e fronte a 3,73 de media da USC; 3,87 fronte a 3,64 no curso 2016-2017 e fronte a 3,80 de media da USC; 4 fronte a 3,82 no curso 2016-2017 e fronte a 3,86 de media da USC. Como se pode observar a valoración do primeiro ítem baixou pero no caso dos outros dous ítems a valoración foi máis alta e mesmo superou a da USC (2501099\_INF.23\_2017-2018). No caso do profesorado, a taxa de resposta a esta enquisa aumentou considerablemente, situándose en 2017-2018 nun 46,88% fronte ao 30,56% do curso anterior, mentres que no caso do alumnado a taxa de resposta segue a ser moi baixa, 15% en 2017-2018 fronte a 14,94% en 2016-2017. No *Informe de Seguimento* 2016-2017 propúxose unha Acción de Mellora (AM-01) co obxectivo de mellorar a taxa de participación nesta enquisa tanto entre o alumnado como entre o PDI. No presente Informe propoñemos seguir animando á participación nesta enquisa como boa práctica derivada desta Acción de mellora

A valoración das competencias adquiridas por parte do alumnado descendeu considerablemente con respecto ao ano anterior, pasando de 3,42 en 2016-2017 a 2,56 en 2017-2018 e quedando así por debaixo da media da USC 3,21 (2501099\_INF.22\_2017-2018). Dado o escaso nivel de participación, o resultado non se pode considerar representativo, pero de manterse esta tendencia en cursos vindeiros debería de ser obxecto de reflexión. No caso do profesorado, a situación é oposta, xa que a valoración das competencias do plan de estudos subiu e mantívose por riba da valoración media da USC: esta valoración pasou de 4,09 en 2016-2017 a 4,13 en 2017-2018, cando a media da USC foi de 4,01 (2501099\_INF.23\_2017-2018). Tamén resultou alta a valoración da información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias no plan de estudos: 4,14 foi o valor de 2017-2018, 4,18 foi o valor deste ítem no curso 2016-2017 e na media da USC (2501099\_INF.23\_2017-2018).

## PRÁCTICAS EXTERNAS

A Facultade segue a fomentar este aspecto formativo, como xa se manifestou no IRA 2015-2016 (p. 9) e no *Informe de Seguimento* 2016-2017 (p. 9), e no caso do Grao en Lingua e Literatura Inglesas a oferta seguiu a incrementarse no curso 2017-2018 coa firma de acordos coa Casa das Linguas (4 prazas) e co Concello de Vedra (1 praza). A Escola Oficial de Idiomas tamén ofertou dúas prazas en Santiago e unha na sede de Ordes, pero non chegaron a activarse por problemas administrativos alleos ao centro e á titulación, que, en todo caso, están en proceso de solución no presente curso 2018-2019. De novo, aínda que o número de estudantes que realizan prácticas externas no GLLI segue a ser baixo, a porcentaxe de estudantes egresados que realizou este tipo de prácticas durante os seus estudos segue a crecer, situándose nun 11,84% no curso 2017-2018 fronte ao 8,06% do curso 2016-2017. En números absolutos, isto supuxo un incremento de 4 estudantes, pasando de 5 en 2016-2017 a 9 en 2017-2018 (IN22G-PC-09). O grao de satisfacción manifestado polos egresados coas prácticas externas foi baixo e supuxo un descenso importante con respecto ao curso anterior, pasando de 5 en 2016-2017 a 2 en 2018-2019, valor tamén máis baixo que a media da USC, que foi de 3,90 (2501099\_INF.09\_2017-2018), pero tal resultado contrasta de maneira notable coa valoración das prácticas externas nas enquisas de satisfacción dirixidas aos estudantes que realizaron este tipo de actividade, onde os valores da titulación son moi positivos, semellantes e incluso superiores á media da USC (2501099\_INF.06\_2017-2018). De feito, a valoración global dos estudantes pasou de 4 en 2016-2017 a 4,39 en 2017-2018 (IN19G-PC-09). Probablemente estes valores positivos estean máis axustados á realidade, dado que esta enquisa foi dirixida só a estudantes que fixeron prácticas externas e podemos saber que se obtiveron 4 respostas, o que supón un 40% de participación, certamente superior á participación no curso anterior, que fora de 1 estudante (2501099\_INF.09\_2017-2018). A enquisa de satisfacción dos egresados foi dirixida a todos os egresados e non sabemos cantos dos 11 egresados que realizaron prácticas externas estaban entre os 18 egresados que responderon á enquisa e, polo tanto,

estaban en disposición de dar resposta a este ítem. Tendo en conta que a taxa de participación foi de 29,03 % cun total de 18 respostas, podemos supoñer que a resposta a este ítem probablemente se limitaría a unha ou dúas (2501099\_INF.09\_2017-2018). Propoñemos no presente informe como acción de mellora solicitar á ACMP incluír información sobre o número de egresados que dan resposta aos ítems que requiren unha condición particular e, polo tanto, non poden ser respondidos por todos os participantes na enquisa. O grao de satisfacción dos títos profesionais aumentou moi lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 4 en 2016-2017 a 4,06 en 2017-2018 (IN20G-PC-09), e o grao de satisfacción dos títos académicos descendeu con respecto ao curso anterior, pero mantense alto: 4,6 (IN21G-PC-09).

## TAMAÑO DOS GRUPOS

Como xa se expuxo no *Informe de Seguimento 2016-2017* (p. 9), o cómputo do tamaño dos grupos segue a ser no curso 2017-2018 máis equilibrado e axustado á realidade do GLLI que nos cursos anteriores a 2016-2017, grazas aos cambios levados a cabo pola ACMP no sistema de cómputo. A media de alumnos por grupo expositivo descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior e pasou de 70,44 en 2016-2017 a 68,75 en 2017-2018 (IN31G-PS-01), e a media de alumnos por grupo interactivo pasou de 35,28 en 2016-2017 a 34,33 en 2017-2018. Ambos descensos non parecen significativos. De feito, a media de alumnos por grupo interactivo de seminario mesmo ascendeu lixeiramente, pasando de 38,75 a 38,96 (IN32G-PS-01). Estes tamaños superan a media da USC, que foi de 53,95 no caso dos grupos de teoría e 21,77 no caso dos grupos de docencia interactiva (2501099\_MedUSC\_2017-2018). O tamaño dos grupos de teoría está próximo ás expectativas propostas na *Memoria de Verificación*, que indicaba un número de 75 alumnos nas sesións expositivas (Anexos: Apartado 5, p. 37), e aos cálculos non oficiais argumentados no IRA GLLI 2016-2017, baseados nos datos extraídos da *Proposta de PDA dos graos da Facultade de Filoloxía (16/3/2015) para o Grao en Lingua e Literatura Inglesas do curso 2015-2016* (IRA GLLI 2015-2016, p. 12). No caso das sesións de seminario a media de alumnos (38,86) supera considerablemente as expectativas da *Memoria de Verificación* (25), pero mantense preto do tamaño dos grupos interactivos de seminario estipulado no PAA para o curso 2017-2018 (número máximo de alumnos: 30; constitución de novo grupo: 38) (GLLI\_Proposta PAA\_2017-2018)

## PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Como se especificaba no *Informe de Seguimento 2016-2017* (p. 10) e no IRA GLLI 2015-2016, con respecto aos programas de mobilidade mantense en xeral a estrutura exposta na *Memoria de Verificación* (Anexos: Apartado 5, p.65) segundo a normativa vixente desde 2012 ([Reglamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes de la USC aprobado en Consello de Goberno de 26 de outubro de 2012](#); DOG 28 de novembro de 2012).

O número e a porcentaxe de estudantes do GLLI enviados a programas de mobilidade incrementouse con respecto ao curso anterior, pasando de 7,98% en 2016-2017 a 9,17% en 2017-2018, o que supón en números absolutos un incremento de 5 estudantes, pasando de 38 en 2016-2017 a 43 en 2017-2018 (IN17G-PC-08). De novo, os estudantes egresados que participaron en programas de mobilidade conceden a valoración máis alta (5) á contribución desta actividade á súa formación, superando así o 4,14 de media da USC (2501099\_INF.09\_2017-2018). O nivel de satisfacción global dos estudantes saíntes en programas de mobilidade descendeu case imperceptiblemente, pasando de 3,65 en 2016-2017 a 3,57 en 2017-2018 (IN15G-PC-08). Os niveis de satisfacción máis baixos, e onde se observa máis discrepancia coa media da USC, volven ser os relacionados coa elaboración do acordo de estudos e o recoñecemento dos estudos, valorados cun 2,44 e 2,25 respectivamente. En contraste, a valoración de seis dos ítems supera a media da USC: "Atención, aceptación e acollida na universidade de destino", 4; "Formación na universidade de destino", 4,11; "Infraestruturas e materiais na universidade de destino", 4,56; "Satisfacción xeral", 4,56; "Recomendación do destino", 4,44; "Coordinación entre as institucións", 3,56 (2501099\_INF.04\_2017-2018). Obsérvase unha clara preferencia polas estadias anuais (8 dos 10 enquisados), o programa Erasmus+ (8 dos 10 enquisados) e por levar a cabo o intercambio no terceiro curso (9 dos 10 enquisados) (2501099\_INF.04\_2017-2018). Como é lóxico, tendo en conta a titulación, a maioría dos estudantes saíntes (22) elixiron universidades en países de fala inglesa como destino. O resto dos estudantes repartíronse entre universidades de 6 países europeos (5 na República Checa, 3 en Polonia, 4 en Alemaña, e 1 en Bélxica, Finlandia, Italia e Noruega (5040\_INF.03\_2017-2018).

A porcentaxe de estudantes entrantes recuperouse considerablemente despois da drástica baixada do curso anterior e situouse no mesmo nivel que a porcentaxe de estudantes saíntes, 9, 17%, o que supuxo un incremento de 25 estudantes, pasando de 18 no curso 2016-2017 a 43 no curso 2017-2018 (IN18G-PC-08). 10 dos estudantes entrantes fixérono por

convenio con outras universidades, 29 por convenio Erasmus e 2 por convenio SICUE. Seguimos sen contar con información sobre o grao de satisfacción destes estudantes no caso específico do GLLI, a pesar de ter levado a cabo a Acción de Mellora 03 proposta no *Informe de Seguimento* 2016-2017 e de estar rexistrada a resposta dun estudante do GLLI no informe desta enquisa a nivel de centro (5040:INF.05\_2017-2018).

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Como se explica detalladamente no IRA GLLI 2015-2016, o GLLI da USC conta con diversos mecanismos de coordinación docente que se estruturan seguindo as directrices estipuladas na *Memoria de Verificación* (Anexos: Apartado 5, pp. 40-41). Tal coordinación artúclase arredor dos seguintes cargos e comisións: coordinación de materias, coordinación de cursos, coordinación do GLLI, Comisión do GLLI, Comisión de Títulos de Grao e Comisión de Calidade do Centro (IRA GLLI 2015-2016, p. 13-14).

#### COORDINACIÓN DE CADA MATERIA

O nivel de satisfacción amosado tanto nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida como nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida son altos no referente á coordinación das materias: no primeiro caso a valoración en 2017-2018 foi de 3,80, lixeiramente superior á valoración en 2016-2017, cando foi de 3,51 (2501099\_INF.13\_2017-2018), e no segundo caso a valoración foi 4,35 en 2017-2018 e 4,33 en 2016-2017 (2501099\_INF.14\_2017-2018). De novo, estas valoracións resultan especialmente significativas tendo en conta o alto número de materias do GLLI que teñen que ser impartidas por máis dun profesor por causa do número de alumnos, restricións impostas polo horario ou pola propia natureza da materia.

#### COORDINACIÓN DE DISTINTAS MATERIAS E NIVEIS

O GLLI conta cun coordinador por cada curso que se encarga de velar pola coordinación horizontal das materias. Con respecto á coordinación vertical, os programas son revisados anualmente pola comisión do GLLI para evitar solapamentos e repeticións, tal e como establece o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 no seu artigo 3.8 (d).

A valoración da coordinación entre as distintas materias e niveis descendeu dun xeito que parece pouco representativo, pasando de 3,82 en 2016-2017 a 3,69 en 2017-2018 (2501099\_INF.14\_2017-2018). A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación ofrece unha valoración semellante da coordinación entre as materias do plan de estudos, 3,53, lixeiramente superior á media da USC, 3,43 (2501099\_INF.23\_2017-2018). En contraste, de novo a valoración dos estudantes foi inferior, 2,12, tamén máis baixa que a media da USC, que foi de 2,51 (2501099\_INF.22\_2017-2018). A baixa taxa de participación nesta enquisa fai que o resultado sexa pouco representativo, por iso propoñemos no presente informe animar ao alumnado a participar nesta enquisa como boa práctica derivada da Acción de mellora 01 do *Informe de Seguimento* 2016-2017.

## COORDINACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Durante o curso 2016-2017 púxose en marcha a Comisión de prácticas externas na Facultade de Filoloxía encargada, entre outras tarefas, de coordinar aqueles aspectos relacionados con este tipo de actividade. Co obxecto de mellorar todo o proceso asociado á realización de prácticas externas, durante o curso 2017-2018 esta comisión encargouse de coordinar:

- a elaboración do calendario e a convocatoria de prácticas externas para o curso 2017-2018 (v. [http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra\\_informacion/practicas\\_externas/practicas.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html) e E5\_GLLI\_Actas Comisión Prácticas Externas\_2017-2018)
- a supervisión do desenvolvemento do proceso de selección de estudantes e a súa asignación de prácticas externas.

A Guía para titores académicos, titores profesionais e alumnos elaborada por esta comisión serve para favorecer a coordinación dos distintos axentes implicados nas prácticas externas, xa que esta guía estipula e delimita con claridade as obrigas de cada axente, entre as que figuran manter un contacto entre eles.

Tanto os titores profesionais como os titores académicos amosan un alto grao de satisfacción no que respecta á coordinación existente entre ambos elementos: os titores académicos valoraron cun 4,5 este aspecto (a media de USC foi 4,13) (2501099\_INF.08\_2017-2018) e os titores profesionais cun 4,33 (a media da USC foi 3,99) (2501099\_INF.07\_2017-2018).

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### PERFIL DE INGRESO

Os estudantes matriculados no GLLI cumpren debidamente cos requisitos establecidos pola lei e normativa vixentes, segundo o estipulado nos Apartados 4.1 e 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6; e Anexos: Apartado 3, pp. 26-27).

Durante o curso 2017-2018 todos os estudantes admitidos no GLLI tiñan unha cualificación superior a 6 (IN07G-PC-05), de xeito que a cualificación de corte quedou establecida en 6,816 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018) e a cualificación media de acceso por preinscripción foi de novo máis alta que en 2016-2017, pasando de 9,26 a 9,54 (IN06G-PC-05). O nivel académico dos estudantes de novo ingreso vai por tanto en aumento: en 2017-2018 só 2 dos estudantes admitidos tiñan unha cualificación de acceso entre 6 e 7, e o grupo máis abundante foi o constituído por estudantes con cualificación de acceso entre 10 e 11 (22 estudantes) e entre 9 e 10 (21 estudantes). Resulta ademais digno de mención que 10 dos estudantes de novo ingreso tiñan unha cualificación entre 11 e 12. Isto supón que 59 dos estudantes de novo ingreso foron admitidos con cualificacións superiores a 9 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018).

O Informe de procedencia xeográfica do alumnado (2501099\_INF.16\_2017-2018) deixa constancia do cumprimento dos principios do distrito único e aberto, como se recolle no Apartado 4.2 da *Memoria de Verificación* (p. 6). Como xa anunciamos no apartado 1.1, a procedencia dos estudantes matriculados no GLLI está repartida maioritariamente entre 37 municipios da provincia de Pontevedra, 18 da provincia de Ourense, 18 da provincia de Lugo e 56 da provincia de A Coruña (vid. CRITERIO 1.1) (2501099\_INF.16\_2017-2018). Tal información vese corroborada no Informe e avaliación do estudiantado de novo ingreso na Facultade de Filoloxía, elaborado coas respostas ao cuestionario pasado ao alumnado de primeiro curso no acto de benvida na Facultade de Filoloxía, celebrado o 11 de setembro de 2017. Grazas a este informe sabemos, ademais, que o 85% dos participantes nesta enquisa cursaron a modalidade de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, o 13% procedían da modalidade de Ciencias, e o 1% de Artes (E3\_GLLI\_Enquisa

e Informe Alumnado Primeiro\_2017-2018).

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tanto as normativas e regulamentos xerais da USC como os particulares da Facultade de Filoloxía aplícanse adecuada e escrupulosamente no caso do GLLI. Tales normativas poden ser consultadas en <http://www.usc.es/gl/normativa/estudantes/index.html> e en [http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra\\_informacion/normativa/index.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/normativa/index.html).

Ademais das normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes Informes de seguimento e/ou renovación da acreditación do título, durante o curso 2017-2018 tomouse o seguinte acordo do Consello de Goberno:

- Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16767>

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento da titulación.

As limitacións impostas tanto pola *Normativa de permanencia* como polo *Regulamento de TFG e TFM* da USC seguen a impedir, de feito, afrontar algúns dos problemas máis serios detectados nos procesos de elaboración e avaliación dos TFG na Facultade e xa descritos no IRA GLLI 2015-2016, onde se analizaron os efectos negativos dos apartados 3 e 4 do artigo 6 da Normativa de permanencia e do artigo 4.3 do Regulamento de TFG e TFM (IRA 2015-2016 pp. 16-19). Dado que segue a observarse un claro desequilibrio entre a taxa de éxito da materia TFG (97,44%), a taxa de rendemento (62,30%) e a taxa de avaliación (63,93%) desta materia, as reflexións do IRA 2015-2016 e do *Informe de Seguimento 2016-2017* seguen vixentes (IRA 2015-2016 pp. 16-19; *Informe de Seguimento 2016-2017*, pp. 15-17).

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

## Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O medio de difusión pública máis importante na Universidade de Santiago é internet e a través deste medio inténtase dar satisfacción á demanda de información dos distintos grupos de interese. Desde a páxina web da USC accédese á páxina web da Facultade de Filoloxía, onde, como se deixou constancia por extenso no IRA GLLI 2015-2016 e no *Informe de Seguimento* 2016-2017, se pode atopar información diversa sobre os estudos e servizos ofertados polo centro (v. IRA 2015-2016, pp. 22-24; *Informe de Seguimento* 2016-2017, pp. 18-19).

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e mais na da USC.

Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web.

A satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible mantívose practicamente no mesmo valor ca no curso 2016-2017, rexistrando un 2,97 en 2017-2018 e un 2,98 en 2016-2017 (IN23G-PC-12). Resulta destacable que a valoración dos egresados da súa satisfacción coa información na propia Facultade e título supera a dos outros medios mencionados na enquisa: a valoración que os estudantes do GLLI fixeron desta fonte de información foi de 3,28, fronte a 3,27 de media da USC (2501099\_INF.09\_2017-2018). De novo, a satisfacción coa información pública dispoñible manifestada polos estudantes na enquisa de satisfacción coa titulación ofrece un valor baixo, 2,84, que como xa se comentou máis arriba non consideramos representativo debido á baixa taxa de resposta desta enquisa. A "Información dispoñible sobre o desenvolvemento das ensinanzas..." foi valorada cun discreto 2,84, lixeiramente inferior á media da USC, que foi de 3,07, e a "Información e orientación recibida na titulación" descendeu drasticamente a un valor de 2,28, moi por debaixo do valor anterior, que foi 3, e á media da USC, que foi de 2,70. Como no resto dos graos da USC, a valoración das canles para realizar queixas, suxestións e parabéns foi baixa, situándose nun 2,24, inferior incluso ao 2,61 de media da USC (2501099\_INF.22\_2017-2018). Neste sentido, cómpre puntualizar que se puxo en marcha na web da Facultade unha caixa de suxestións, queixas e felicitacións en febreiro de 2018.

A valoración da información pública manifestada polo profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación foi diametralmente oposta: a "Información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos" foi valorada cun 4,14, moi preto da valoración media da USC (4,18) e moi similar á valoración do curso anterior, que fora de 4,18; as "Accións de orientación ao alumnado da titulación" foron valoradas cun 3,80, valor superior á media da USC (3,70) e practicamente idéntico ao do curso anterior (3,82); a "Difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado" obtivo unha valoración de 4, superior á media da USC (3,69) e superior á do curso anterior (3,89); a "Información pública dispoñible en relación coa calidade" foi valorada cun 3,87, superior tamén á media USC (3,72) e ao valor do curso anterior (3,60); especialmente positiva foi tamén a valoración da "Información pública dispoñible sobre a titulación", que foi de 4,13, superior á media da USC (3,98) e só lixeiramente inferior á valoración do curso anterior (4,27). Neste caso as "Canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns" foron valoradas cun 3,87, de novo superior á media da USC (3,7) e á valoración do curso anterior (3,5) 2501099\_INF.23\_2017-2018).

Polo que respecta á enquisa realizada aos estudantes que defenderon o seu TFG en 2016-2017, un dos aspectos de valoración global da satisfacción que obtivo unha puntuación moderadamente máis baixa foi o relacionado coa información recibida sobre o TFG (3,22) (3,18 en 2016-2017): a utilidade da información administrativa na web obtivo unha valoración de 3,57 (3,27 en 2016-2017), a utilidade dos documentos colgados na web para axudar na elaboración do TFG obtivo unha valoración de 3,1 (3,27 en 2016-2017) e a valoración das xornadas informativas sobre TFG foi 2,7 (2,52 en 2016-2017) (I4\_GLLI\_Informe Satisfacción TFG\_2017-2018).

O nivel de satisfacción dos estudantes saíntes con programas de mobilidade coa información recibida no centro mellorou considerablemente no curso 2017-2018, pasando de 2,77 en 2016-2017 a 3,67, situándose así considerablemente por encima da media da USC (3,07) (2501099\_INF.04\_2017-2018). Como xa se constatou no *Informe de Seguimento* 2016-2017, probablemente esta mellora estea asociada ao esforzo levado a cabo de cara a promocionar os programas de mobilidade entre o alumnado a través da celebración de sesións informativas específicas anunciadas con antelación por medio de carteis no centro e a través da pantalla da entrada.

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e proboñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2017-2018, todos os mecanismos para a recollida de información, análise, detección de debilidades, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

A comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (vid. E5\_GLLI\_Actas Comisión GLLI\_2017-2018, E5\_GLLI\_Actas CTG\_2017-2018, E5\_GLLI\_Actas CCC\_2017-2018)). Naqueles casos en que contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron, salvo pequenos axustes ao calendario de calidade da USC, as sesións previstas. No caso da Comisión do GLLI o calendario, que establece a celebración de dúas reunións ordinarias anuais, entrou en vigor no curso actual 2018-2019. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade etc. Isto permite, por exemplo, orientar as campañas de captación do alumnado) (E3\_GLLI\_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro\_2016-2017; E3\_GLLI\_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro\_ANEXO\_2016-2017).
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados, pero tamén co procedemento en xeral (titorización, avaliación etc.) (I4\_GLLI\_Informe Satisfacción TFG\_2017-2018).

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, o centro sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do hall, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Así mesmo, a coordinación do título utilizou con frecuencia os grupos de coordinación dos que se dispón na aula virtual para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudantado implicado na docencia/discencia do título. Desde o GLLI utilizouse a aula virtual de coordinación principalmente para:

- (1) animar aos estudantes a participar nas enquisas de satisfacción,

- (2) transmitir información sobre as diversas sesións de orientación celebradas no centro,
- (3) transmitir información sobre os cursos de formación para realización de TFG, empregabilidade etc. ofrecidos polo centro,
- (4) transmitir información sobre o proceso do TFG, unha tarefa especialmente importante no curso 2017-2018, no que tal proceso se modificou considerablemente debido á implantación do sistema telemático para tramitar boa parte do procedemento de defensa dos TFG,
- (5) poñer en coñecemento dos alumnos os resultados globais das enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións (incluída a caixa de suxestións, queixas e felicitacións que se puxo en marcha en febreiro de 2018) desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No curso 2017-2018 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. O *Informe de Seguimento 2016-2017 do GLLI* foi aprobado na Xunta de Facultade de 21/03/2018.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento do GLLI, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.



### Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Con data de 22/02/2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Sistema de Garantía de Calidade marco, co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade. Este redeseño do SGC marco consistiu en:

1. Eliminar aqueles procesos en que os centros non teñen competencias, creando un nivel institucional.
2. Adaptalo ás incorporacións doutros centros, como as Escolas de Doutoramento Internacional ou o CIEDUS.
3. Eliminar aqueles procesos que se consideran suficientemente descritos na normativa correspondente.
4. Dotar o sistema dunha maior flexibilidade, adaptándose ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC dispón dun breve manual da USC, pero tamén contempla un manual do sistema para os centros, onde se detalla o alcance, a estrutura e os detalles do seu funcionamento. En canto ao Manual de Procesos e Procedementos, créanse 8 procesos a nivel institucional e déixanse só 13 a nivel de centro, fronte ao antigo manual, exclusivamente de centro, que contaba con 22 procesos e 26 procedementos.

Estableceuse o prazo dun ano desde a data de aprobación para que os centros axustasen o seu sistema á nova documentación. Co fin de organizar as tarefas de adaptación, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos anunciou un calendario de reunións coas Comisións de Calidade dos centros. Porén, como consecuencia da celebración de eleccións a reitor/a e os subseguintes cambios no equipo de goberno e na propia ACMP, estas reunións non chegaron a producirse, de xeito que aínda se atopa pendente todo o proceso de adaptación ao novo SGC marco da USC.

Por último, polo que se refire particularmente á Facultade de Filoloxía, cómpre mencionar que se está a elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, pero foi preciso adiar a data de remate que se establecera inicialmente, de xeito que se prevé que as tarefas rematen antes da finalización do curso 2018-2019.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Debido á complexidade das modalidades de estudos ofertadas pola Facultade de Filoloxía, o cómputo do profesorado implicado na docencia do GLLI resulta especialmente complexo, dado que na titulación participan un elevado número de profesores de materias básicas, complementarias ou optativas da modalidade Minor que son impartidas como materias do Maior doutras titulacións, e profesores de materias básicas transversais que son impartidas en todas as titulacións do centro, como foi explicado detalladamente no IRA GLLI 2015-2016 (pp.10-11 e 30-32). Froito da reflexión contida neste documento foi a conclusión de que resulta máis axeitado concentrarnos na análise dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá, xa que eles imparten maioritariamente as materias do Maior do GLLI.

No documento E15: Plan de ordenación docente aparecen rexistrados 39 docentes, dos que só 22 pertencen á área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá e poden ter experiencia investigadora ou docente recoñecida. Os restantes 17 son: 3 membros da área de Lingüística Xeral e 4 da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada que colaboran na materia "Tráballo de Fin de Grao" do Maior de Lingua e Literatura Inglesas levando a cabo a titorización de 15 TFG do GLLI (10 TFG foron orientados por membros da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada e 5 por membros da área de Lingüística Xeral do Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral), 3 profesores lectores e 7 contratos predoutorais do Ministerio e da Xunta. Polo tanto, as materias do Maior do GLLI –agás a titorización de 15 TFG- e as materias optativas de especialización listadas no documento E15: Plan de ordenación docente– recaen nun total de 25 profesores: 3 profesores lectores, 1 profesor contratado doutor, 5 catedráticos de universidade e 16 profesores titulares. Estes 25 profesores (máis un profesor con licenza por ano sabático) encárganse das 34 materias ofertadas no GLLI: 20 materias do Maior (4 destas materias ofrécese como módulo complementario en Estudos Ingleses I para as outras catro titulacións de grao da Facultade e outras 4 ofrécese como módulo optativo do Minor en Estudos Ingleses II para as outras catro titulacións de grao da Facultade), 2 materias básicas obrigatorias (que ademais se ofrecen como materias básicas para as outras catro titulacións de grao do centro) e 12 materias optativas da especialidade (2501099\_E15\_2016-2017). Respondendo a unha iniciativa da Comisión do GLLI, incluída como Acción de Mellora 4 (AM-4) no IRA GLLI 2015-2016, engadiuse un apartado na enquisa de satisfacción co TFG do curso 2016-2017 co obxectivo de acadar información sobre a modalidade de estudos cursada polo alumnado do

GLLI, o que nos permite coñecer que arredor dun 60% dos alumnos que defenderon o seu TFG en 2017-2018 e responderon á enquisa optaron pola modalidade Maior plus, fronte a un 40% que o fixeron pola modalidade Minor. Isto suxire que houbo unha maioría de estudantes do GLLI que optaron por cursar as materias optativas de especialización en Estudos Ingleses impartidas por profesores da área de Filoloxía Inglesa no curso 2016-2017 (I4\_GLLI\_Enquisa Satisfacción TFG\_2017-2018). Os profesores da área de Filoloxía Inglesa (agás os tres lectores) encargáronse en 2017-2018 da titorización de 105 dos 122 TFG matriculados no GLLI (18 prórrogas e 104 novos) (as listaxes "Aprobación definitiva de solicitudes de prórrogas (Comisión 17/10/2017)", "Adxudicación definitiva de liñas temáticas e títos TFG 2017-2018 (Comisión 17/10/2017)" e "Adxudicación definitiva de liñas temáticas e títos TFG 2017-2018 (Comisión 19/02/2018)" están disponibles en [http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/TFG\\_cursos/TFG\\_2017\\_2018.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/TFG_cursos/TFG_2017_2018.html)). Algúns destes profesores teñen docencia asignada noutros graos e facultades da USC. Como conclusión, podemos manter que, como xa se indicou no IRA GLLI 2015-2016 e no *Informe de Seguimento* 2016-2017, este número de profesores é axeitado para o encargo docente, aínda que por mor das xubilacións producidas desde a elaboración da *Memoria de Verificación* resulta máis baixo que os números suxeridos neste documento, onde se falaba de 34 profesores da área de Filoloxía Inglesa (29 profesores e 5 lectores) para levar a cabo os labores docentes do GLLI. Debido á peculiaridade das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, non contamos con indicadores da ratio de estudantes por profesor, xa que o medio de cómputo deste indicador resultaba inadecuado para estas titulacións, dado que non ofrecía unha información adecuada á realidade, motivo polo que no *Informe de Seguimento* 2014-2015 se introduciu unha Acción de Mellora (AM-01) solicitando modificacións neste sistema de cómputo, o que levou á eliminación deste indicador a partir do curso 2015-2016. A pesar de que a xenerosa colaboración de profesores das áreas transversais tanto no labor de titorización de TFG (no curso 2017-2018 dirixiron 15 novos TFG e 2 prórrogas) como no labor de avaliación de TFG como membros dos tribunais de TFG do GLLI (no curso 2017-2018 un profesor da área de Lingüística Xeral e 2 profesores da área de Teoría da Literatura e Literatura Comparada, 1 como membro titular e 1 como membro suplente) participaron nos 5 tribunais de TFG do GLLI), resulta fundamental na docencia da materia TFG directamente asociada á área de coñecemento de Filoloxía Inglesa no GLLI, reiteramos que a redución do cadro de persoal docente e a nula contratación de PDI por parte da USC nos últimos anos ten contribuído drasticamente ao avellentamento do cadro de persoal.

## EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DO PDI

Agás no caso do indicador referente á porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total que descende moi lixeiramente, os indicadores referentes a experiencia docente e investigadora seguen un proceso ascendente:

- a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total pasa de 89,00% en 2016-2017 a 89,47% en 2017-2018 (IN24G-PS-01), e mantense, polo tanto, nun valor superior á media da USC, que foi de 81,80 (2501099\_MedUSC\_2017-2018);
- a porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total pasa de 74,14% en 2016-2017 a 75,70% en 2017-2018 (IN26G-PS-01) e segue sendo, polo tanto, superior á media da USC, que foi de 59,83% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);
- a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total pasa de 89,66% en 2016-2017 a 88,79% en 2017-2018 (IN25G-PS-01), pero mantense nun nivel superior á media da USC, que foi de 83,27 (2501099\_MedUSC\_2017-2018).

Estes valores están calculados sobre o PDI total da titulación, é dicir, incluíndo os profesores de materias transversais, básicas, complementarias e optativas do Minor que non pertencen ao Maior do GLLI, de xeito que se computan un total de 85 membros do PDI con sexenios sobre un total de 95 membros do PDI (entendemos que só computan aqueles membros de PDI que poden optar a ter sexenios), 81 membros do PDI funcionarios sobre un total de 107 membros de PDI e 95 membros do PDI doutores sobre un total de 107 membros do PDI. No caso dos profesores da área de Filoloxía Inglesa do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá encargados das materias do Maior do GLLI, as porcentaxes elevaríanse considerablemente. Estes 22 profesores acumulan no curso 2017-2018 54 sexenios de experiencia investigadora e 108 quinquenios de experiencia docente, o que supón 4 sexenios máis ca no curso 2016-2017 (50 sexenios) e 6 quinquenios menos ca no curso 2016-2017 (114) (2501099\_E15\_2017-2018). Estes datos certifican a elevada experiencia docente e investigadora do PDI encargado das materias do Maior do GLLI, pero tamén corroboran o proceso de avellentamento do cadro de persoal, dado que a diminución na experiencia docente (quinquenios) non se debe á incorporación de persoal novo senón á redución dun membro de

PDI da área de Filoloxía Inglesa, que pasou de 23 en 2016-2017 a 22 en 2017-2018. Os datos de experiencia investigadora e docente melloran considerablemente os reflectidos na *Memoria de Verificación*, onde aparecen rexistrados 38 sexenios obtidos polos 23 profesores (PDI funcionario) de Filoloxía Inglesa (Anexos: Apartado 6, p. 183), fronte aos 54 rexistrados polos 22 profesores (21 PDI funcionario + 1 Profesor contratado doutor) encargados da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa do GLLI. Con respecto á experiencia docente, na *Memoria de Verificación* os 23 profesores titulares en Filoloxía Inglesa que impartían docencia na licenciatura sumaban un total de 72 quinquenios (Anexos: Apartado 6, p. 181), número que se ten incrementado significativamente no curso 2016-2017, no que os 22 profesores (21 PDI funcionario y 1 profesor contratado doutor) da área de Filoloxía Inglesa con docencia en materias da área de Filoloxía Inglesa da titulación alcanzaron un total de 108 quinquenios de docencia.

Como conclusión, estes resultados referentes á experiencia docente e investigadora do PDI a cargo da docencia do GLLI son, en xeral, positivos, especialmente se prestamos atención ao PDI encargado da docencia das materias da área de Filoloxía Inglesa, e melloran os datos expostos na *Memoria de Verificación*. Sen embargo, a evolución positiva destes datos tamén confirma o progresivo avellentamento do cadro de persoal (IRA GLLI 2015-2016 p. 33).

## VALORACIÓN DO LABOR DOCENTE

Como en cursos anteriores, proba da boa saúde do labor docente no GLLI son os resultados das enquisas de satisfacción coa docencia recibida e coa docencia impartida:

- o grao de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 3,84 en 2016-2017 a 3,88 en 2017-2018 (IN46G-S01-PM-01). Como en anos anteriores, é pertinente subliñar que entre os aspectos mellor valorados polo alumnado están aqueles relacionados coa programación docente e información sobre esta programación e, especialmente, os aspectos asociados á relación do alumnado co PDI: con respecto ao primeiro grupo, o "Cumprimento do programa e o plan de traballo previsto" foi valorado cun 4,19, valor lixeiramente máis alto que o do curso anterior (4,10), e a "Explicación da programación da materia e a avaliación ao comezo do curso" obtivo un 4,15, tamén lixeiramente máis alto que o valor do curso anterior (4,06); con respecto á relación do alumnado e o PDI, a "Capacidade e dispoñibilidade do profesor para resolver dúbidas que se lle presentan" obtivo en 2017-2018 unha valoración de 4,20, moi similar ao 4,23 do curso 2016-2017, e a "Actitude receptiva que facilita a comunicación cos/as estudantes" obtivo un moi satisfactorio 4,07 en 2017-2018, case imperceptiblemente inferior á valoración do curso anterior (4,09) (2501099\_INF.13\_2016-2017). Estes últimos datos vense confirmados polos resultados das enquisas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2016-2017, onde queda constancia de que o aspecto "Globalmente estou satisfeito/a coa miña relación co/a titor/a" foi o mellor valorado do seu grupo, cun 4,00. Dos 27 estudantes que responderon a esta pregunta, 13 déronlle a máxima valoración (5) e 5 déronlle a segunda mellor valoración (4) (I4\_GLLI\_Enquisa Satisfacción TFG\_2017-2018).

- o grao de satisfacción do PDI coa docencia impartida descendeu moi lixeiramente en 2017-2018, pasando de 3,9 en 2016-2017 a 3,85 en 2017-2018, obtendo así o mesmo valor que dous cursos atrás en 2015-2016 (IN47G-S01-PM-01). Neste caso os resultados referentes á relación cos alumnos e co PDI son especialmente positivos: superan o 4 tanto a valoración da "Coordinación entre os distintos profesores da materia" (4,35, mellorando lixeiramente o 4,33 do curso 2016-2017), como a valoración da satisfacción coa "Relación creada co alumnado nas clases e titorías" (4,07, lixeiramente máis baixa que o 4,28 do curso 2016-2017). Próximas ao 4 están as valoracións do "Traballo realizado polo alumnado" (3,76, lixeiramente máis baixo que o 3,96 de 2016-2017, pero mellorando o 3,74 do curso 2015-2016), o "Interese amosado polos/as estudantes cara á materia" (3,80, case imperceptiblemente máis baixa que a valoración do curso 2016-2017, que foi de 3,82) e a "Valoración do coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos" (3,95, lixeiramente inferior ao 4,01 de 2016-2017, pero mellorando o 3,77 do curso 2015-2016) (2501099\_INF.14\_2016-2017).

Como xa se adiantou no CRITERIO 1.2, a media de alumnos por grupo de teoría (68,75) (IN31-PS-01) achégase ás expectativas manifestadas na *Memoria de Verificación* (75 como media de alumnos por grupo de teoría), pero a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (34,33) (IN32-PS-01) é máis elevada que a proposta na *Memoria de Verificación* (25 alumnos por grupo de docencia interactiva) (Anexos: Apartado 5, p. 37), aínda que se mantén dentro do estipulado no PAA para o curso 2017-2018 (GLLI\_Proposta PAA\_2017-2018). As valoracións positivas acadadas nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e a docencia impartida nos aspectos referentes á relación entre o PDI e o alumnado parecen confirmar que o tamaño dos grupos é correcto.

## OFERTA DE FORMACIÓN DOCENTE

A USC conta cun programa propio de formación e innovación docente que ofrece cursos orientados a mellorar a calidade da docencia con especial referencia a aspectos como as TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación etc. A porcentaxe de participación do PDI do GLLI neste tipo de actividades aumentou con respecto ao curso anterior, pasando de 25,69% en 2016-2017 a 28,03% en 2017-2018 e sendo a segunda titulación de grao da Facultade en participación de PDI en actividades de formación, só cinco décimas por debaixo do Grao en Filoloxía Clásica (5040\_I6-I7\_2017-2018). A valoración media das actividades formativas segue a ser alta, e mesmo aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 4,3 no curso 2016-2017 a 4,39 no curso 2017-2018 no conxunto do PDI da Facultade de Filoloxía (5040\_INF.10\_2017-2018). Proba do alto grao de satisfacción do PDI con estas actividades formativas é o aumento do valor obtido polo ítem "Recomendaríalles aos seus compañeiros que se matriculasen neste curso?", que pasou de 4,3 no curso 2016-2017 a 4,42 en 2017-2018. Todos os valores da enquisa de satisfacción son superiores a 4, destacando o 4,63 na valoración do "Tamaño dos grupos", o 4,46 na valoración dos horarios, o 4,42 na "Utilidade da formación recibida", o 4,41 da "Consecución dos obxectivos" e o 4,35 da "Adecuación dos contidos teóricos" e da "Adecuación dos contidos ás necesidades de formación" (5040\_INF.10\_2017-2018). Podemos concluir que a oferta de actividades docentes para o PDI da Facultade de Filoloxía é suficiente e sobradamente satisfactoria.

## ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DA INVESTIGACIÓN

Durante o curso 2017-2018 celebráronse na Facultade un total de 49 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

## MOBILIDADE DO PROFESORADO

Ao longo do curso 2017-2018 tiveron lugar unhas 385 accións de mobilidade do PDI do centro (un pouco inferior aos cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430; 2016-2017: 426):

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadias de investigación etc.; 322 accións (84% aprox. do total; proporción semellante á do curso 2016-2017: 88%).
- (b) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 63 accións.

## PROFESORES E INVESTIGADORES VISITANTES

Durante o curso 2017-2018, a Facultade acolleu a un total de 19 profesores/as investigadores/as visitantes, procedentes de universidades de Brasil, China, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal e Reino Unido, así como doutras universidades galegas e españolas (A Coruña, Salamanca, Valencia e Vigo). Estes/as profesores/as desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro e case a metade deles (8 de 19) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

## INCORPORACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

Durante o curso 2017-2018 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 5 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2017-2018 é de 26 persoas.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O centro conta co persoal necesario e perfectamente cualificado para levar a cabo os seus labores. O número de PAS na Facultade de Filoloxía é de 25, dos que 17 contan cunha experiencia superior aos 10 anos de servizo, e dos 8 restantes 4 teñen unha antigüidade superior aos 5 anos (5040\_E16\_2017-2018).

### **MODIFICACIÓNS QUE AFECTARON AO PAS NO CURSO 2016-2017**

O cadro de Persoal de Administración e Servizos é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

### **SATISFACCIÓN DO PAS**

No que se refire ás enquisas de satisfacción, a diferenza dos cursos anteriores, no curso 2017-2018 realizáronse de maneira separada ao persoal da Biblioteca e ao persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centros e Departamentos. En todo caso, cómpre destacar o descenso na participación: o 46,2 % fronte ao 57,7% do curso 2016-2017.

A satisfacción media do PAS da Facultade de Filoloxía no curso 2017-2018 foi 3,67, algo máis alta que a do curso 2016-2017, que fora de 3,60, aínda que segue a ser lixeiramente máis baixa que a satisfacción media do PAS na USC, que en 2017-2018 foi 3,88. No informe da enquisa de satisfacción do curso 2016-2017 non se observa ningunha variación representativa con respecto aos valores obtidos no curso 2015-2016 e con respecto aos valores medios de satisfacción media do PAS na USC. O máis destacable sería:

- a mellora dos valores referentes á dirección da unidade, que pasan de 3,73 en 2016-2017 a 4,17 en 2017-2018 no caso do ítem "O responsable toma as decisións coa participación de todo o persoal da unidade" e de 3,69 en 2016-2017 a 4,33 en 2017-2018 no caso do ítem "O responsable realiza un bo seguimento do meu traballo";

- a mellora dos valores de tres dos catro aspectos referentes ao posto de traballo: "O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado" pasou de 3,60 en 2016-2017 a 4 en 2017-2018, mellorando o valor da USC (4,67); "Síntome parte dun equipo de traballo" pasou de 3,8 en 2016-2017 a 4 en 2017-2018; e "Resúltame doado expresar as miñas opinións no lugar de traballo" pasou de 3,73 en 2016-2017 a 4,17 en 2017-2018. Destaca a diferenza coa media da USC acadada polo aspecto "Os recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións son axeitados", valorado cun 3 entre o PAS da Facultade de Filoloxía e un 3,67 na USC (5040\_INF.21\_2017-2018).

### **OFERTA DE ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PAS**

A satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía coa formación recibida é moi lixeiramente inferior á do PAS da USC (3,17 no caso do centro fronte a 3,26 no caso de USC) e moderadamente inferior á do curso 2016-2017 (3,20) (5040\_INF.21\_2017-2018). De novo, resulta curioso que a satisfacción global media manifestada polo PAS da USC cos cursos de formación recibidos segundo o Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas foi de 3,99 (5040\_INF.11\_2017-2018), o que supón un importante contraste co dato da media da USC referente ao ítem "A formación recibida para desempeñar o meu traballo é axeitada" (3,26) publicado no Informe da enquisa de satisfacción do PAS da Facultade de Filoloxía (5040\_INF.21\_2017-2018). Todos os valores do Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas de 2017-2018 superan lixeiramente

os valores do curso 2016-2017: os aspectos mellor valorados son o número de alumnos (4,32), as aulas e instalación (4,23) e os horarios (4,10), e coma no caso do PDI o peor valorado é a información previa recibida do curso, que de todos os xeitos acada un satisfactorio 3,81 (5040\_INF.11\_2017-2018).

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2017-2018, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

**(i) Biblioteca:** Os datos correspondentes ao ano 2018 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Total de títulos de monografías en papel: 163.476

Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355

Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396



Total de documentos catalogados en 2018:

- monografías: 1.656
- publicacións periódicas: 1
- analíticas de monografías e de publicacións periódicas: 592

Volumes prestados no centro: 50.692

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456

## (ii) Melloras no equipamento e infraestruturas:

Durante o curso 2017-2018 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

### (a) Renovación de equipamento informático:

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición de discos duros SSD para os ordenadores das aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición dunha pantalla intelixente para a nova aula de docencia B10 (*vid. infra*).
- Adquisición de ordenadores portátiles para a docencia e para préstamo da biblioteca.
- Adaptación dos auriculares da aula do laboratorio de idiomas B04.

### (b) Acondicionamento dos espazos docentes:

- Conversión do antigo despacho B10 nunha aula para a docencia.
- Insonorización da sala de videoconferencia B03.
- Vernizado das tarimas das aulas.
- Colocación de estores nalgunhas aulas e en salas de traballo.

### (c) Adquisición de mobiliario:

- Adquisición de mobiliario (mesas, cadeiras etc.) para a nova aula de docencia B10.
- Adquisición de taboleiros modulares para o vestíbulo.

(d) Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (10.000€ do orzamento descentralizado do ano 2018).

## (iii) Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudantado:

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. A continuación ofrécese un resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2017-2018:

### (a) Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:

(a.1) Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. *Datos extraídos da memoria A Ponte entre o ensino medio e a USC 2017-2018*:

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria-2017-2018.pdf>

#### (a.1.1) Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla "O patrimonio lingüístico: ¿de quen é a lingua?"

- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)
- IES EDUARDO PONDAL (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)  
Charla “Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega”

- IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)
- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)
- IES FELIX MURIEL (Rianxo - A Coruña)
- CPR LOS SAUCES (Pontevedra)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)  
Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos”

- IES TERRA DO XALLAS (Santa Comba - A Coruña)
- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)
- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)  
Charla “Linguas en contacto”

- IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)
- IES URBANO LUGRÍS (Malpica de Bergantiños - A Coruña)
- IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

JOSÉ VIRGILIO GARCÍA TRABAZO (Área de Lingüística Indoeuropea)  
Charla “Lingüística Indoeuropea: reconstruíndo a prehistoria das nosas linguas e culturas”

- IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)
- IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña)
- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)

LAURA MARÍA LOJO RODRÍGUEZ (Área de Filoloxía Inglesa)  
Charla “William Shakespeare”

- IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)
- IES DE PONTE CALDELAS (Ponte Caldelas – Pontevedra)
- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA (Área de Filoloxía Inglesa)  
Charla “Teenager language, a linguaxe adolescente”

- IES Nº 1 (Ribeira – A Coruña)
- IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)
- IES Nº 1 O Carballiño (O Carballiño – Ourense)
- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)
- IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)  
Charla “Como coñecemos a orixe das palabras”

- IES ANTONIO FRAGUAS (Santiago de Compostela - A Coruña)

- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- CPI DE MONDARIZ (Mondariz – Pontevedra)
- CPR OBRADOIRO (A Coruña)
- IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ (Vilagarcía de Arousa – Pontevedra)

TANIA VÁZQUEZ GARCÍA (Investigadora)

Charla “As mulleres medievais do Noroeste Peninsular: mitos e realidades...”

- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)
- IES ANXEL FOLE (Lugo)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)
- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- IES DE BRION (Brion - A Coruña)

#### **(a.1.2) Encontros na USC 2017-2018:**

Os días 6, 7 e 8 febreiro de 2018 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 3.356 estudantes de 63 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar.

Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 354 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

**(a.2) Participación nas XXVI Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional** organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 06/04/2017. Profa. Susana Jiménez Placer.

**(a.3) Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade** (folletos, trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (abril-maio de 2018).

#### **(b) Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:**

**(b.1)** Sesión de benvida aos **estudantes de novo ingreso** (11/09/2017).

**(b.2)** Xornada informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos** para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (17/04/2018).

**(b.3)** Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (12/09/2017).

**(b.4)** Sesións informativas sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes:

- 13/12/2017: Sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos. Esta sesión, que incluíu tamén información sobre o procedemento de asignación de prazas do programa, complementou a organizada polo persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC o día 21/11/2017 na Facultade de CC. Económicas e Empresariais para todo o estudantado do Campus Norte.

- 06/02/2018: Sesión informativa sobre convenios bilaterais e o programa SICUE.

**(b.5)** Xornada informativa sobre a **oferta de estudos de mestrado** da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (17/04/2018).

**(b.6)** Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (12/09/2017).

(b.7) Sesións de benvida e/ou orientación para estudantes de mestrados.

(c) Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

(c.1) Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuadrimestre (Vicerreitora de Internacionalización e membros do equipo decanal) (13/09/2017 e 22/01/2018).

(d) Empregabilidade e orientación profesional

(d.1) Xornada *Móvete* (11/04/2018) Programas de Prácticas Internacionais, Recursos e Oportunidades de Traballo e Mobilidade para a Mocidade. Área de Orientación Laboral e Emprego, VR de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.

(d.2) Xornadas de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (6-7/06/2018):

- Que se espera de ti no mundo profesional? Prepárate para saber que mostrar no teu CV.
- Es o que compartes na Rede!
- Técnicas de selección de persoal.

## GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

En xeral, o grao de satisfacción dos distintos grupos de interese cos recursos materiais e servizos no curso 2017-2018 foi alto. Os egresados valoraron dun xeito positivo as "Infraestruturas e materiais dispoñibles no centro" (3 foi a media do centro fronte a 2,85, que foi a media da USC) e o "Servizo de biblioteca" (4,47 foi o valor medio no caso da Facultade de Filoloxía, fronte a 4,95, que foi a media da USC). Igualmente positiva foi a valoración do "Servizo de cafetería e comedor" (3,82 no centro fronte a 3,54 na USC), mentres que a valoración da "Información e o apoio recibidos nas sesións de acollida e presentación" volveu a ser inferior á media da USC (2,72 no centro fronte a 3 na USC). A valoración do "Calendario, horarios, organización académica etc." caeu drasticamente con respecto ao curso 2016-2017, pasando de 2,90 a 2,17 en 2017-2018 (a media da USC foi 2,79), o que converte este nun dos aspectos peor valorados polo alumnado egresado do GLLI da Facultade de Filoloxía, só por encima da "Formación práctica" (1,94) e a "Tramitación de reclamacións e queixas" (1,71). Cómpre indicar que dada a complexidade da oferta docente do centro, que ofrece cinco titulacións de grao diferentes (unha delas con cinco mencións), que poden ser cursadas en tres modalidades distintas (modalidade Maior Plus, modalidade Minor e modalidade mixta), a elaboración de calendarios e horarios que satisfagan as demandas individuais resulta imposible: a flexibilidade da que gozan os estudantes da Facultade de Filoloxía na planificación dos seus estudos ten que implicar a aceptación das vantaxes e dos inevitables inconvenientes que tal flexibilidade trae consigo. Calquera posible acción de mellora neste sentido suporía a limitación desta flexibilidade e, polo tanto, a modificación dos plans de estudo dos graos. A valoración dos "Recursos tecnolóxicos" foi de novo máis baixa que a media da USC (3,57) e que a valoración do curso anterior (3,50), pero mantivo un resultado positivo (3,29) (2501099\_INF.09\_2017-2018).

Con respecto ao grao de satisfacción do alumnado, tanto a valoración dos "Recursos didácticos empregados polo PDI" (3,79) como a do "Material de apoio" (3,78) son positivas e lixeiramente superiores ás do curso anterior, que foron respectivamente 3,73 e 3,74. Non se observan, polo tanto, discrepancias significativas (2501099\_INF.13\_2017-2018). De novo, os resultados referentes aos recursos materiais e servizos do Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación son máis negativos, e en contraste tamén co curso anterior, os valores son lixeiramente máis baixos que a media da USC. Como xa foi comentado no CRITERIO 1.3, a baixa taxa de resposta nesta enquisa limita a representatividade destas valoracións. Neste sentido cómpre puntualizar que os estudantes do GLLI comparten recursos materiais e servizos cos estudantes do resto dos graos impartidos na Facultade, os cales manifestaron en xeral niveis de satisfacción considerablemente máis altos, mesmo superiores á media da USC na maioría dos casos (2501099\_INF.22\_2017-2018).

Obsérvase ademais un drástico contraste cos resultados manifestados polo PDI con respecto a este mesmo aspecto: no caso do PDI, practicamente todos os valores son superiores á media da USC e oscilan entre o 3,47 na valoración da "Orientación profesional e laboral para o alumnado" (3,62 de media na USC) e o 4,27 na valoración da "Dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación" (4,17 de media na USC). O contraste entre os

resultados da enquisa do PDI, cunha taxa de resposta de 46,88%, e do alumnado é considerable, aínda que á vista das medias da USC, tal contraste é probablemente común a todas as titulacións:

- o PDI valorou as "Aulas e a súa equipación" cun 3,87, lixeiramente superior á media da USC (3,78) (2501099\_INF.23\_2017-2018) e moi superior ao 2,60 do alumnado (2501099\_INF.22\_2017-2018);
- o PDI valorou os "Laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento" cun 3,92, superior á media da USC (3,57) (2501099\_INF.23\_2017-2018), e de novo moi superior ao 2,52 de valoración na enquisa do alumnado (2501099\_INF.22\_2017-2018);
- o PDI valorou os "Espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo, aulas de informática,...)" cun 3,57, inferior á media da USC (3,70) (2501099\_INF.23\_2017-2018), pero de novo moi superior ao 2,60 de valoración na enquisa do alumnado (2501099\_INF.22\_2017-2018);
- o PDI valorou a "Disponibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación" cun 4,27, superior á media da USC (4,17) (2501099\_INF.23\_2017-2018), e de novo superior ao 3,60 de valoración na enquisa do alumnado (2501099\_INF.22\_2017-2018);
- o PDI valorou as "Plataformas de docencia virtual e multimedia" cun 4,20, superior á media da USC (4,08) (2501099\_INF.23\_2017-2018), e de novo moi superior ao 2,88 de valoración na enquisa do alumnado (2501099\_INF.22\_2017-2018).

O PDI tamén manifestou un alto grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos na Enquisa de satisfacción coa docencia impartida, onde a valoración do "Material e servizos de apoio á docencia da universidade" foi de 4,17, superior á valoración de 2016-2017, que fora de 3,98, e a valoración dos "Recursos para a docencia do centro" foi de 4,13, tamén superior á do curso 2016-2017, que fora de 4,03 (2501099\_INF.14\_2017-2018).

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### ACTIVIDADES ACADÉMICAS, METODOLOXÍAS DOCENTES, SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Os programas e guías docentes das materias (E4), suxeitos a renovación, revisión e aprobación anual como aparece reflectido nas actas das reunións da Comisión de Calidade, os Consellos de Departamento e as Xuntas de Facultade encargadas de tales labores, recollen a información relativa ás actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación de cada unha das materias (E5-GLLI-Actas Comisión Calidade 2017-2018, E5\_GLLI\_Actas Xunta Facultade\_2017-2018). É importante sinalar que un dos aspectos mellor valorados nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2017-2018, coma nos anteriores, teña sido precisamente o grao de cumprimento da programación: así o ítem "[O/A profesor/a] Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" foi valorado cun 4,19 no curso 2017-2018, lixeiramente superior á valoración de 2016-2017, que foi de 4,10, e o ítem "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente" foi valorado cun 4,15 en 2017-2018, tamén superior á valoración de 2017-2017, que fora de 4,06 (2501099\_INF.13\_2016-2017).

En cumprimento da Acción de Mellora 1 (AM-01) proposta no documento de *Alegaciones y plan de mejoras del graduado o graduada en lengua y literatura inglesas* redactado como resposta ao requisito formulado no *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación del GLLI* referente ao CRITERIO 1 do Informe de renovación da acreditación do GLLI, a Comisión do GLLI, en reunión celebrada o 16 de febreiro de 2018, fixou un protocolo de actuación para a detección de desaxustes entre a programación docente e a memoria de verificación do título (vid. CRITERIO 1).

#### RESULTADOS DA APRENDIZAXE

O apartado correspondente da *Memoria de Verificación* do título (Apartado 8.2: "Procedimiento general de la Universidad para valorar el progreso y los resultados del aprendizaje de los estudiantes") identifica cales son os indicadores que a titulación, e a USC no seu conxunto, emprega para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes. Tales indicadores son:

- Taxa de graduación\*.
- Taxa de eficiencia\*.
- Taxa de éxito\*.
- Taxa de abandono do sistema universitario\*.
- Taxa de interrupción dos estudos\*.
- Taxa de rendemento\*.

- Media de alumnos por grupo\*.
- Créditos de prácticas en empresas.
- Créditos cursados por estudantes do título noutras Universidades no marco de programas de mobilidade.
- Créditos cursados por estudantes doutras Universidades no título no marco de programas de mobilidade.
- Resultados de inserción laboral.
- Resultados dos recursos humanos.
- Resultados dos recursos materiais e servizos.
- Resultados da retroalimentación dos grupos de interese (medidas de percepción e análise de incidencias).
- Resultados da mellora do SGIC. (*Memoria de Verificación*, Apartado 8.2, pp. 254-255).

Dado que os nove últimos puntos son analizados nos correspondentes apartados deste *Autoinforme de Seguimento*, prestaremos agora atención ás seis primeiras taxas, tendo en conta que a taxa de eficiencia dos titulados foi extinguida no curso 2014-2015, debido a que penalizaba os títulos cuxos alumnos se matriculaban en materias a maiores das necesarias para graduarse; no curso 2015-2016 foi substituída polo Ministerio por unha nova taxa de eficiencia (rendemento dos egresados; IN53G-S01-PM-01), complementada por dúas novas taxas: taxa de éxito dos egresados (IN50G-S01-PM-01) e taxa de idoneidade na graduación (IN51G-S01-PM-01).

- **Taxa de rendemento** (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon). A taxa de rendemento global no GLLI no curso 2017-2018 evolucionou positivamente, xa que se melloraron con folgura os resultados do curso 2016-2017 e pasouse de 75,99% en 2016-2017 a 78,03% en 2017-2017 (IN34G-S01-PM-01), situándose aínda así por debaixo da media da USC (78,46%), pero xa moi preto dela (2501099\_Med.USC\_2017-2018), de xeito que segue a ser o grao con mellor taxa de rendemento na Facultade de Filoloxía (IN34CG-S01-PM01). Na desagregación por cursos non se observan discrepancias importantes, dado que a taxa varía só entre o 72,97% do segundo curso como a máis baixa e o 82,28% do cuarto curso como a máis alta. Na desagregación por materias a taxa de rendemento máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa (agás a materia Traballo de Fin de Grao) corresponde a *Fonética e fonoloxía inglesas*, con 51,47%, valor considerablemente máis baixo que o valor do ano anterior (65,45%), pero superior aos valores dos cursos anteriores (37,59% en 2015-2016 e 47,24% en 2014-2015). Este descenso está probablemente asociado a un descenso tamén na taxa de avaliación desta materia, que pasou de 80% en 2016-2017 a 73,53% en 2017-2018 (2501099\_INF.19\_2017-2018). No resto das materias a taxa de rendemento supera o 65,69% da materia *Sintaxe e semántica da lingua inglesa*, que mellora así considerablemente a taxa de rendemento do curso 2016-2017, que foi de 53,04%. *Literatura Norteamericana 1* tamén mellora lixeiramente o resultado de 2016-2017, xa que pasa de 63,46% a 66,39% en 2017-2018. A taxa de rendemento máis alta entre as materias do Maior do GLLI é a de *Literatura Inglesa 2*, que foi de 89,42%. Entre as materias optativas de especialización a taxa de rendemento máis alta correspondeu a *Análise de textos do inglés antigo e medio*, cun 100% mellorando considerablemente o 60% do curso 2016-2017, e a máis baixa foi a de *Literatura poscolonial en lingua inglesa e Introducción ao inglés para fins académicos*, cun 85,71%. A materia Traballo de Fin de Grao ten en 2017-2018 a segunda taxa de rendemento máis baixa (62,30%), aínda que o dato positivo é a mellora desta taxa con respecto ao curso 2016-2017 (51,24%). Entre as materias que non forman parte do Maior do GLLI a taxa de rendemento máis baixa –agás o 0% de *Introdución á literatura galega*– foi a de *Lingua alemá 2*, cun 31,03% (28 alumnos matriculados) (2501099\_INF.18\_2017-2018).

- **Taxa de éxito** (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron). A taxa de éxito no curso 2017-2018 foi 87,27% (IN35G-S01-PM-01), polo que supera xa a taxa media da USC, que foi 87,20% (2501099\_Med.USC\_2017-2018), e ademais, convértese no grao con mellor taxa de éxito entre os impartidos na Facultade de Filoloxía (IN35CG-S01-PM-01). Obsérvase unha lixeira mellora con respecto á taxa do curso 2016-2017, que fora de 86,41%, e unha substancial mellora con respecto á taxa de 2015-2016, que fora de 81,70%, e a de 2014-2015, que fora de 77,93% (IN35G-S01-PM-01). Na desagregación por cursos a taxa de éxito máis baixa corresponde aos dous primeiros cursos (primeiro, cun 83,65% e segundo cun 82,29%); no resto dos cursos a taxa é considerablemente máis alta: 89,27% en terceiro e 95,20% en cuarto. Agás no caso do segundo curso, as taxas de éxito por curso son superiores ás do curso 2016-2017 (81,10% en primeiro, 88,24% en segundo, 86,65% en terceiro, 91,17% en cuarto (IN35G-S01-PM-01). Nos datos desagregados por materias obsérvase que entre as materias da área de Filoloxía Inglesa, a taxa de éxito máis baixa en 2017-2018 corresponde a *Fonética e fonoloxía inglesas*, cun 70,00%, seguida por *Morfosintaxe da lingua inglesa*, cun 70,80%. Resulta especialmente positivo indicar que ningunha das materias do Maior do GLLI obtivo unha taxa de éxito inferior ao 70% e é ademais destacable a evolución positiva da materia *Sintaxe e semántica da*

*lingua inglesa*, que pasou dunha taxa de 64,89% en 2016-2017 a 79,65% en 2017-2018; similarmente positiva é a evolución da taxa na materia *Historia e cultura dos países de fala inglesa*, que pasou de 76,47% en 2016-2017 a 89,47% en 2017-2018. Nove das materias da área de Filoloxía Inglesa obteñen unha taxa do 100%, todas elas materias optativas da modalidade Maior plus impartidas en terceiro e cuarto. Entre as materias básicas, a taxa de éxito máis baixa en 2017-2018 foi a de *Lingua alemá 2*, cun 56,25%, (28 alumnos matriculados) o que supón un descenso importante con respecto á taxa do curso 2016-2017, que fora de 87,10% (43 alumnos matriculados). A taxa de éxito foi do 100% en *Lingua portuguesa 1* e *Lingua grega 1*. Entre as materias doutras áreas cursadas como parte do módulo complementario ou o módulo optativo do Minor, a taxa de éxito máis baixa foi a de *Gramática italiana 2* cun 66,67% (3 alumnos matriculados), mentres que a taxa de *Lingua francesa 3* pasou de 32,25% en 2016-2017 (19 alumnos matriculados) a 100% en 2017-2018 (18 alumnos matriculados), a de *Historia da literatura francesa 2* pasou de 50% (10 alumnos matriculados) a 75% (7 alumnos matriculados) e a de *Introdución á gramática francesa* pasou de 53,85% (15 matriculados) a 100% (13 matriculados). En contraste, 38 foron as materias doutras áreas nas que se acadou unha taxa de éxito do 100% (2501099\_INF.17\_2017-2018).

**-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)** (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou). Esta taxa mellorou con respecto ao curso anterior, pasando de 83,97% no curso 2016-2017 a 86,23% en 2017-2018 (IN53G-S01-PM-01). A taxa de eficiencia do GLLI continúa a ser a terceira mellor entre os resultados dos graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN53CG-S01-PM-01).

**-Taxa de éxito dos egresados** (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou). Esta taxa descendeu lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 88,34% en 2016-2017 a 86,28% en 2017-2018 (IN50G-S01\_PM-01). A situación non parece alarmante, dado que o valor resultante non resulta negativo e, a falta de coñecer o dato do Grao en Lingua e Literatura Españolas, sitúase no segundo posto dentro dos resultados acadados polos graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN50CG-S01-PM-01). Ademais, tendo en conta a evolución favorable das taxas anteriores e da duración dos estudos, é esperable unha próxima mellora neste indicador.

**-Taxa de idoneidade na graduación** (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica). Esta taxa descendeu considerablemente con respecto á taxa dos cursos anteriores, pasando de 31,87% en 2015-2016 e 30,21% en 2016-2017 a 19,42% en 2016-2017 (IN51G-S01-PM-01). Por este motivo, o GLLI pasa a ter a segunda peor taxa de idoneidade entre os graos impartidos na Facultade de Filoloxía (IN51CG-S01-PM-01). A causa deste descenso está probablemente asociada ao descenso na taxa de graduación, que non reflicte a realidade da titulación neste sentido (como argumentaremos máis adiante cando analicemos esta taxa), porque deixa fóra de todo cómputo a aqueles estudantes que non se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte +1.

#### **-Taxa de abandono**

a) Taxa de abandono durante o primeiro curso (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X). A taxa de abandono durante o primeiro curso en 2017-2018 descendeu drasticamente con respecto ao curso anterior, pasando de 17,2% en 2016-2017 a 9,57% en 2017-2018. O descenso resulta especialmente significativo, dado que en números absolutos supuxo que abandonaron 7 estudantes menos que no curso anterior: 9 (dunha cohorte de 94) en 2017-2018 fronte a 16 (dunha cohorte de 93) en 2016-2017 (ING40-S01-PM-01). Esta taxa mellora o resultado da media da USC (16,02%) e é a máis baixa entre as titulacións da Facultade de Filoloxía (ING40CG-S01-PM-01), probablemente debido ao alto número de estudantes que acceden á titulación como a súa primeira opción, o que corrobora a capacidade de captación de estudantes, o atractivo e a vixencia da titulación, como xa se argumentou no CRITERIO 1.1.



b) Taxa de abandono RD 1393/2007 (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior). En contraste coa taxa de abandono anterior, esta ascendeu no curso 2017-2018, pasando de 22,92% no curso 2016-2017 a 29,13% en 2017-2018 (IN41G-S01-PM-01), aínda que segue preto das estimacións propostas na *Memoria de Verificación* da titulación renovadas seguindo indicacións da ACSUG durante o curso 2017-2018 (a previsión orixinal amosada na *Memoria de Verificación* baseada nos datos da antiga licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 20% (Anexos: Apartado 8, p. 203), pero tal previsión foi axustada ao 25% seguindo a suxestión de actualizar estes datos proposta pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (GLLI\_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria\_2017-2018). En números absolutos, o aumento supuxo que en 2017-2018 se computou o abandono de 8 estudantes máis que en 2016-2017 (30) dunha cohorte de 103 estudantes (7 máis que en 2016-2017). A do GLLI é a segunda taxa de abandono máis baixa entre as titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN41CG-S01-PM-01), e á vista do dato positivo da taxa de abandono durante o primeiro curso, espérase que este lixeiro retroceso se corrixa nos vindeiros cursos.

**-Duración media dos estudos** (Duración media, en anos, na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos). A duración media dos estudos descendeu no caso do GLLI, pasando de 5,14 no curso 2016-2017 a 4,89 no curso 2017-2018 (IN38G-S01-PM-01), mellorando a media da USC, xa que o dato sitúa ao GLLI 0,11 puntos por debaixo da media da USC (2501099\_MedUSC\_2017-2018).

**-Taxa de graduación** (Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso). A taxa de graduación situouse no curso 2017-2018 no 42,72%, o que supón un descenso con respecto ao curso anterior, cando esta taxa foi do 50%, aínda que é moi superior ao pésimo resultado do curso 2014-2015, cando esta taxa se situou nun 27,57% (IN37G-S01-PM-01) e próxima á estimación formulada na *Memoria de Verificación* despois do proceso de actualización dos datos suxerido pola ACSUG no seu *Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación de plan de estudios* (45%) (GLLI\_Informe Provisional ACSUG Modificación Memoria\_2017-2018; GLLI\_Memoria Actualización resultados\_2017-2018); orixinariamente, a estimación baseada nos datos da licenciatura en Filoloxía Inglesa era do 40% (Anexos: Apartado 8, p. 203). Aínda que o valor desta taxa segue a estar por debaixo da media da USC (57,97%) (2501099\_Med.USC\_2017-2018), supera a taxa de graduación do resto das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía, agás o Grao en Lingua e Literatura Españolas (IN37CG-S01-PM-01). En números absolutos, esta taxa de graduación supón que no curso 2017-2018 se graduaron 44 estudantes dunha cohorte de 103 (só 4 estudantes menos que no curso 2016-17, cando a cohorte era de 96 estudantes) (IN37G-S01-PM-01). Cómpre puntualizar que dado que esta taxa só computa aqueles estudantes que se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1, o resto dos estudantes graduados, é dicir os que non se gradúan na súa cohorte de ingreso ou na súa cohorte+1 non computan a efectos desta taxa. Para completar a información ofrecida por esta taxa cómpre indicar que foron 76 os estudantes que realmente se graduaron durante o curso 2017-2018 segundo se desprende do Informe acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, segundo o cal 30 estudantes obtiveron un aprobado, 29 notable, 11 sobresaíntes e 6 matrícula de honra na materia Traballo de Fin de Grao, que determina a obtención do título de graduado (2501099\_INF.15\_2017-2018). Dado que a taxa de graduación só computa a 44 estudantes, os 32 graduados restantes non reflicten positivamente como tales nos resultados da titulación, pero probablemente si o fan negativamente nos cómputos das outras taxas e no cómputo da duración dos estudos. Esta situación non é nova (no curso 2016-2017 dos 62 estudantes que aprobaron a materia TFG só 48 computaron no cálculo da taxa de graduación) e non afecta só ao GLLI, pero debería de terse en conta polo menos a existencia deste contraste entre a taxa de graduación vixente e o número real de graduados para obter unha información máis completa. Cómpre polo tanto indicar que aínda que a taxa de graduación na titulación do GLLI, que admite cada ano unha cohorte de arredor de 100 estudantes, descendeu considerablemente pasando de 50% en 2016-2017 a 42,72% en 2017-2018, no curso 2016-2017 graduáronse 62 estudantes dos 115 matriculados no TFG (51,34%) e no curso 2017-2018 fixérono 76 dos 122 matriculados na materia TFG (63,33%), o que supón un esforzo docente e administrativo que merece recoñecemento (2509011\_INF.15\_2017-2018).

**-Taxa de avaliación** (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os

estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados). Tamén a taxa de avaliación mellorou no curso 2017-2018 con respecto ao curso 2016-2017, pasando de 87,94% a 89,41% (IN36G-S01-PM-01), e aínda que se mantén lixeiramente por debaixo da media da USC (89,98%), a diferenza é case imperceptible (2501099\_MedUSC.2017-2018). É a taxa máis alta entre as das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía (IN36CG-S01-PM-01). Nos datos desagregados por cursos segue a observarse que, coma no curso 2016-2017, a taxa de avaliación máis baixa en 2017-2018 corresponde a cuarto curso (86,42%), probablemente como consecuencia do requisito de ter aprobadas o resto das materias para poder defender o TFG, o que motiva que todos aqueles estudantes que si cumprían os requisitos para matricularse do TFG pero non conseguiron aprobar todas as materias non poidan defendelo (Artigos 4.2 e 4.4 do *Regulamento TFG e TFM da USC*: [http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/gaos/TFG/normativa/TFG\\_normativa.html](http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/gaos/TFG/normativa/TFG_normativa.html)). De feito, na desagregación por materias, a taxa de avaliación máis baixa entre as materias da área de Filoloxía Inglesa corresponde á materia Traballo de Fin de Grao (63,93%). Maníféstase así, de novo, a negativa incidencia deste aspecto da Normativa de Permanencia da USC na dinámica académica. O resto das materias da área de Filoloxía Inglesa superaron o 80,00% agás a materia *Fonética e fonoloxía*, que tivo unha taxa de avaliación de 73,43%. Catro materias, todas elas optativas da modalidade Maior plus, obteñen un 100% na taxa de avaliación. Entre as materias básicas doutras áreas de coñecemento, *Lingua alemá 2* ten a taxa de avaliación máis baixa, cun 55,17%, seguida moi por encima por *Lingua galega 2*, cunha taxa de 82,14% (2501099\_INF.15\_2017-2018). Do resto destas materias, oito acadaron unha taxa de 100%. Entre as materias dos módulos complementario e optativo do Minor, a taxa máis baixa correspondeu a *Panorama da literatura alemá*, cun 60% (de 5 matriculados non se presentaron 2 (2501099\_INF.15\_2017-2018)), seguida por 62,50% en *Sociolingüística e planificación das linguas* (de 16 matriculados non se presentaron 6 (2501099\_INF.15\_2017-2018)) e 66,67% en *Dialectoloxía galega* (de 3 matriculados non se presentou 1 (2501099\_INF.15\_2017-2018)). Entre estas materias, foron 31 as que acadaron unha taxa do 100% (2501099\_INF.19\_2017-2018).

Tendo en conta estes resultados, podemos afirmar que se teñen acadado os resultados da aprendizaxe previstos na *Memoria de Verificación* e adecuados ao nivel MECES, algo que foi posible grazas á contribución decisiva das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións. Así o suxiren os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e satisfacción dos egresados:

(A) No caso da enquisa de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, os estudantes valoraron moi positivamente aspectos relacionados non só cos resultados da aprendizaxe, senón tamén cos resultados do programa formativo como o cumprimento da programación:

- os aspectos “Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente” e “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” foron valorados no curso 2017-2018 cun 4,15 e 4,19 respectivamente, ambos valores lixeiramente superiores aos do curso 2016-2017 (2501099\_INF.13\_2017-2018);
- o ítem “Motiva a participación crítica e activa” obtivo en 2017-2018 unha valoración de 3,84, tamén moi lixeiramente superior ao valor do curso anterior (3,81) (2501099\_INF.13\_2017-2018). Este aspecto está directamente relacionado co descritor 2b dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2, no que se sitúan os estudos de grado segundo o artigo 6 “Nivel de grado”, apartado 2 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior, publicado en BOE, 3 de agosto de 2011 (de aquí en adiante citado como art. 6.2 RD 1027/2011): “b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras” (p. 87915);
- o ítem “Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información...” obtivo en 2017-2018 un valor de 3,64, idéntico ao do ano anterior (2501099\_INF.13\_2017-2018). Este aspecto está directamente relacionado co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodoloxías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);

- o ítem “Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma” obtivo en 2017-2018 unha valoración de 3,66, tamén lixeiramente superior ao valor do ano anterior (3,61) (2501099\_INF.13\_2017-2018). Este aspecto está directamente relacionado cos descritores 2c e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio; d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio” (p. 87915);

- o ítem “Organiza ben as clases e explica con claridade favorecendo a comprensión da materia” acadou en 2017-2018 unha valoración de 3,84, lixeiramente superior ao valor do curso 2016-2017, que foi de 3,77 (2501099\_INF.13\_2017-2018).

(B) Os resultados da enquisa aos egresados tamén amosan, en xeral, valores positivos que confirman o nivel de cumprimento dos criterios MECES:

- a contribución da titulación á “Capacidade de aprendizaxe autónoma” obtivo entre os egresados unha valoración de 3,56 (a media da USC foi 3,81), lixeiramente superior ao 3,30 do curso anterior (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2f dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “f) ser capaces de identificar sus propias necesidades formativas en su campo de estudio y entorno laboral o profesional y de organizar su propio aprendizaje con un alto grado de autonomía en todo tipo de contextos (estructurados o no)” (p. 87915);

- a contribución da titulación á “Capacidade de pensamento crítico” acadou entre os egresados do curso 2015-2016 unha valoración de 3,72, superior á media da USC, que foi 3,50, e superior ao valor do ano anterior, que fora 3,4 (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada con todos os descritores dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011, p. 87915);

- a contribución da titulación á “Capacidade de comunicación oral e escrita” obtivo entre os egresados unha valoración de 3,06 (a media da USC foi 3,35), considerablemente máis baixa que a 4 do ano anterior (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);

- a contribución da titulación á “Capacidade de análise” foi valorada entre os egresados cun 3,39 (a media da USC foi 3,44), lixeiramente superior ao 3,33 do ano anterior (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2a, 2b, 2c dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): “a) haber adquirido conocimientos avanzados y demostrado una comprensión de los aspectos teóricos y prácticos y de la metodología de trabajo en su campo de estudio con una profundidad que llegue hasta la vanguardia del conocimiento; b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras; c) tener la capacidad de recopilar e interpretar datos e informaciones sobre las que fundamentar sus conclusiones incluyendo, cuando sea preciso y pertinente, la reflexión sobre asuntos de índole social, científica o ética en el ámbito de su campo de estudio” (p. 87915);

- a contribución da titulación á “Capacidade de transmitir información, ideas etc.” obtivo entre os egresados unha valoración de 3,28 (a media da USC foi 3,40), inferior ao valor do curso anterior, que

fora 3,8 (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada co descritor 2e dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de maneira clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915);

- a contribución da titulación á "Capacidade de aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas de modo creativo ou orixinal" foi valorado entre os egresados cun 2,88 (a media da USC foi 3,05), moi lixeiramente inferior ao 3 do curso anterior (2501099\_INF.09\_2017-2018). Esta capacidade está directamente relacionada cos descritores 2b e 2d dos que definen as características das cualificacións do nivel MECES 2 (art. 6.2 RD 1027/2011): "b) poder, mediante argumentos o procedimientos elaborados y sustentados por ellos mismos, aplicar sus conocimientos, la comprensión de estos y sus capacidades de resolución de problemas en ámbitos laborales complejos o profesionales y especializados que requieren el uso de ideas creativas e innovadoras;... d) ser capaces de desenvolverse en situaciones complejas o que requieran el desarrollo de nuevas soluciones tanto en el ámbito académico como laboral o profesional dentro de su campo de estudio; e) saber comunicar a todo tipo de audiencias (especializadas o no) de manera clara y precisa, conocimientos, metodologías, ideas, problemas y soluciones en el ámbito de su campo de estudio" (p. 87915).

(C) As respostas obtidas nas enquisas realizadas aos estudantes que defenderon o seu TFG no curso 2017-2018 amosan resultados similares aos anteriores con respecto á valoración das competencias adquiridas a través da realización deste traballo. Con respecto á contribución do TFG á adquisición das competencias xerais especificadas na *Memoria de Verificación*, só tres aspectos baixaron dunha valoración de 3,7: "Desenvolvemento da sensibilidade estética, da conciencia histórica e da capacidade creativa a través do coñecemento e valoración da literatura, a cultura e a civilización anglosaxona" acadou un 3,63 en 2017-2018 (3,81 en 2016-2017); "Conciencia e xestión eficaz de capacidades e estratexias propias..." acadou un 3,56 en 2017-2018 (3,87 en 2016-2017); "Desenvolvemento do plurilingüismo e da conciencia intercultural global compatible coa identidade local" acadou un 3,43 en 2017-2018 (3,45 en 2016-2017). O resto dos valores situáronse entre o 3,7 obtido por "Tratamento de información nunha segunda lingua (nivel B2) así como da súa literatura e cultura" (3,94 en 2016-2017) e o 4 obtido por "Capacidade de interpretar e expresar con claridade e precisión datos e argumentacións" (3,91 en 2016-2017); "Análise crítica da realidade sociocultural xeral e dos países de fala inglesa en particular" acadou un 3,73 en 2017-2018 (3,65 en 2016-2017); "Habilidade para buscar, obter e procesar información..." obtivo un 3,76 (3,72 en 2016-2017); "Utilización da lingua inglesa como medio oral e escrito (nivel C2)" obtivo un 3,9, a mesma valoración obtida por "Capacidade de imaxinar e desenvolver proxectos individuais e colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico" (3,85 en 2016-2017). Todos estes valores son similares aos de anos anteriores. Os valores son incluso mellores no caso das competencias non especificadas na *Memoria de Verificación*: todos eles (agás "Uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos..." que obtivo un 3,6 (o mesmo valor que en 2016-2017) e "Capacidade para organizar a información e presentala de forma clara..." que obtivo 3,66 (3,98 en 2016-2017)) estiveron no entorno do 4: "Dominio da expresión oral e escrita..." (3,83 en 2017-2018, 3,88 en 2016-2017), "Capacidade para identificar as limitacións e/ou carencias do traballo..." (3,93 en 2017-2018, 4,04 en 2016-2017), "Capacidade para buscar e seleccionar información relevante" (4 en 2017-2018, 4,13 en 2016-2017), "Capacidade para definir os obxectivos do traballo" (4,03 en 2017-2018, 3,96 en 2016-2017), "Capacidade para deseñar e organizar as tarefas para alcanzar os obxectivos..." (4,06 en 2017-2018, 4,04 en 2016-2017). Non se observan variacións significativas nestes valores con respecto aos do curso 2016-2017 ou con respecto aos valores medios do centro (I4\_GLLI\_Informe Satisfacción TFG\_2016-2017; I4\_GLLI\_Informe Satisfacción TFG\_2017-2018).

## SEGUIMIENTO DOS RESULTADOS

Como se pode observar tanto nos sucesivos *Informes de Seguimento* da titulación coma no *Informe de Renovación da Acreditación* do GLLI de 2015-2016 (IRA GLLI 2015-2016), os indicadores dos resultados da aprendizaxe son escrupulosamente analizados anualmente e tidos en conta nun intento constante de perfeccionar o plan de estudos da titulación (para un seguimento dos resultados anteriores ao curso 2016-2017, véxase IRA GLLI 2015-2016 pp. 52-53). A reflexión incluída no epígrafe anterior "Resultados da aprendizaxe" do presente *Autoinforme de Seguimento* é

proba do proceso de cumprimento dos compromisos acerca das taxas de resultado establecidos no documento de *Alegacións y plan de melloras do Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas*, que foron os seguintes:

-CRITERIO 6: "Se recomenda continuar con el seguimiento de aquellas asignaturas que presentan en la serie histórica bajas tasas de rendimiento": "La Comisión del GLLI a través de la coordinadora del grado se compromete a continuar realizando el seguimiento de aquellas asignaturas que presentan en la serie histórica bajas tasas de rendimiento" (p. 11).

-CRITERIO 7: "La tasa de graduación presenta una evolución favorable situándose en el curso 2015/2016 en un 43,96%, superior al 40% previsto en la memoria verificada del título. Siendo estos porcentajes mejorables, se recomienda mantener activa la acción de mejora ejecutada en el curso 2015/2016 con el objetivo de realizar un especial seguimiento de esta tasa en los próximos años estableciendo una acción de mejora al respecto": "Como se argumentó en el IRA del GLLI, la evolución favorable de esta tasa se explica en parte como resultado de la acertada decisión de establecer una limitación de plazas en el acceso a la titulación. De todos modos, la Comisión del GLLI se compromete a mantener activa como buena práctica la acción de mejora 3 (AM-3) del Informe de seguimiento del curso 2014-2015, ejecutada en el curso 2015/2016, con el objetivo de realizar un especial seguimiento de esta tasa en los próximos años. Tal acción de mejora consistía en intentar 'lograr un incremento no número de TFG defendidos a través da recomendación formal por correo electrónico a alumnos de TFG e titores encargados da dirección de traballos na que se insista na necesidade de programar axeitadamente o proceso de elaboración do TFG a desenvolver ao longo do ano académico'" (p. 11). Esta Acción de mellora está consolidada xa como boa práctica na titulación. Como se insistía nese documento, un dos grandes obstáculos á hora de mellorar esta taxa atópase na esixencia recollida no Regulamento da USC sobre TFG e TFM (artigo 4.4) e na Normativa de Permanencia (artigos 6.3 e 6.4), que establecen como requisito para defender o TFG ter aprobadas todas as demais materias da titulación.

-CRITERIO 7: "La tasa de abandono presenta una evolución favorable descendiendo de un 41,86% a un 28,57% entre el curso 2013-14 y 2015-16": "La Comisión del GLLI se compromete a mantener el seguimiento de los resultados referentes a las tasas de abandono, acción que se llevará cabo principalmente en los informes de seguimiento anuales del título. Asimismo, se prestará especial atención a los resultados obtenidos a través de la acción de mejora 4 (AM-4) del Informe de seguimiento del GLLI del curso 2014-2015, actualmente en la segunda fase de ejecución" (p.12). Como se explica no CRITERIO 7, apartado 7.1, a segunda fase de execución da Acción de Mellora 4 do *Informe de Seguimento* do curso 2014-2015 pechouse en xullo de 2018.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### INDICADORES DE DEMANDA

Como xa se observou no CRITERIO 1.1 ao analizar o interese académico e a actualización da titulación, e no CRITERIO 1.4 ao analizar o perfil de ingreso, os indicadores de demanda da titulación seguen unha liña crecente e son incluso máis altos que os manifestados nas expectativas fixadas na *Memoria de Verificación*. Neste senso os indicadores amosan, por tanto, datos maioritariamente positivos:

- Número de prazas ofertadas: como se vén facendo desde o curso 2011-2012, no que entrou en vigor a limitación de prazas do GLLI (vid. *Informe de Seguimento* del curso 2010-2011, pp. 16, 21) (<http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>), o número de prazas ofertadas no curso 2016-2017 foi de 100 (IN01-PC-05). A evolución positiva nos resultados da titulación confirma o acertado desta limitación. Se temos en conta que foron 133 os alumnos que solicitaron esta titulación como primeira opción (catro máis que en 2016-2017) e 85 deles foron admitidos, a oferta parece en xeral adecuada á demanda (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018).

- Matrícula: o número de estudantes matriculados no GLLI descendeu lixeiramente no curso 2017-2018, pasando de 476 en 2016-2017 a 469 en 2017-2018 (IN02-PC-05). Este lixeiro descenso pode deberse ao sistema de chamamento que condiciona a incorporación dos estudantes de novo ingreso como comentamos no CRITERIO 1.1, ou ao alto número de estudantes egresados no curso 2017-2018, a pesar do descenso na taxa de graduación, como xa se comentou no CRITERIO 6.1.

- Matrícula de novo ingreso e matrícula de inicio de estudos: como consecuencia da limitación de prazas, tanto a matrícula de novo ingreso como a de inicio de estudos mantívose próxima a 100: a matrícula de acceso en 2017-2018 foi de 100 estudantes, nove menos que en 2016-2017 (IN03-PC-05), e a matrícula de novo ingreso por preinscrición foi loxicamente un pouco máis baixa, situándose en 97 estudantes, catro menos que en 2016-2017 (IN04-PC-05). Os datos seguen por tanto a confirmar que a demanda xustifica a oferta de prazas.

- Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición: a variación deste tipo de matrícula foi negativa no caso do curso 2017-2017 (-3,96) (IN05-PC-05), xa que se produciu un leve descenso no número de matriculados, pasando de 101 en 2016-2017 a 97 en 2017-2018 (vid. CRITERIO 1.1).

- Notas de acceso: a nota media de acceso aumentou no curso 2017-2018, pasando de 9,26 en 2016-2017 a 9,54 en 2017-2018 (IN06-PC-05) (9,596 foi a media dos alumnos procedentes de bacharelato e 8,035 foi a nota media dos alumnos procedentes de Formación Profesional) (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). A porcentaxe de estudantes que accederon á titulación con nota superior a 6 mantívose no 100% (IN07-PC-05). Estes datos suxiren unha evidente mellora no nivel académico do perfil de ingreso real, como sinalamos nos CRITERIOS 1.1 e 1.4, e parecen tamén confirmar a existencia dunha demanda constante e incluso crecente de admisión na titulación, dado que o nivel académico de acceso foi incrementándose nos últimos anos. De feito, só 2 dos alumnos matriculados por preinscrición no curso 2017-2018 tiñan unha nota entre 6 e 7 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018).

- Porcentaxe de estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia: a titulación mantén un moderado nivel de demanda entre estudantes estranxeiros e nacionais de fóra de Galicia, como suxire a evolución destas porcentaxes. A porcentaxe de estudantes

estranxeiros sobre matriculados en 2017-2018 foi de 2,35%, lixeiramente inferior á do curso 2016-2017, que foi de 2,52% (1,71%) (IN08-PC-05), e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados foi de 1,49%, tamén lixeiramente inferior á do curso 2016-2017 (1,68%) (IN09-PC-05). Como xa suxerimos no apartado 1.1, entre os alumnos procedentes de Galicia é interesante subliñar a demanda asociada a poboacións máis próximas a outros centros universitarios onde se ofrecen estudos similares á titulación de GLLI (2501099\_INF.16\_2017-2018).

- Relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas: a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas en 2017-2018 (85%) segue a corroborar o alto nivel de demanda da titulación, a pesar do lixeiro descenso con respecto ao curso 2016-2017 (90%) (IN10-PC-05). O número de solicitudes en primeira opción aumentou, pasando de 129 a 133; destes, 48 non conseguiron matricularse, ben porque non foron admitidas as súas solicitudes, ben porque non formalizaron finalmente matrícula no GLLI, probablemente debido ao sistema de chamamento da CIUG; dos 87 que solicitaban praza como segunda opción, foron admitidos 9 e dos 67 que solicitaron praza como terceira opción, foron admitidos 2 (2501099\_INF.CIUG\_2017-2018). O feito de que o número de solicitudes en primeira opción sexa o máis alto e o número vaia progresivamente decrecendo nas solicitudes en segunda, terceira etc opción corrobora tamén o atractivo e o índice de demanda da titulación. O Informe sobre o cuestionario pasado ao alumnado de primeiro curso na sesión de benvinda na Facultade de Filoloxía indica que do total dos enquisados 3 tiveron que matricularse noutro grao por non poder acceder ao GLLI (E3\_GLLI\_Enquisa e Informe Alumnado Primeiro\_ANEXO\_2016-2017).

- Taxa de ocupación: a taxa de ocupación descendeu con respecto ao curso anterior, pasando de 101 en 2016-2017 a 97 en 2017-2018 (IN11-PC-05). Como xa se indicou no CRITERIO 1, este descenso parece estar máis vinculado ao proceso de chamamento da CIUG que a un descenso real da demanda, xa que de feito a demanda total (403) e, especialmente, a demanda en primeira opción (133) foron superiores ás do curso anterior.

## RESULTADOS

Como xa foi analizado no CRITERIO 6.1, os indicadores de resultados en xeral melloraron con respecto a cursos anteriores, e aínda que algúns seguen estando por debaixo da media global, están xa moi preto dela e, en xeral, concordan coas expectativas expresadas na *Memoria de Verificación*:

- a taxa de rendemento mellorou con respecto ao curso anterior, pois pasou de 75,99% en 2016-2017 a 78,03% en 2017-2018 (IN34-S01-PM-01) e achégase á media da USC, que foi de 78,46% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);

- a taxa de éxito tamén mellorou no curso 2017-2018: pasa de 86,41% en 2016-2017 a 87,27% en 2017-2018 (IN35-S01-PM-01) e supera lixeiramente a media da USC, que foi de 87,20% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);

- a taxa de avaliación pasou de 87,94% en 2016-2017 a 89,41% (IN36-S01-PM-01), practicamente coincidindo xa coa media da USC, que foi de 89,98% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);

- a taxa de graduación pasou de 50% en 2016-2017 a 42,72% en 2017-2018 (IN37-S01-PM-01), aínda por debaixo da media da USC, que foi de 57,97% (2501099\_MedUSC\_2017-2018); como xa se explica en máis detalle no CRITERIO 6.1 do presente informe, este descenso na taxa de graduación non implica un descenso no número real de estudantes graduados no curso 2017-2018, que, de feito, pasou de 62 en 2016-2017 a 76 en 2017-2018;

- a taxa de abandono durante o primeiro curso mellorou considerablemente, pois pasou de 17,20% en 2016-2017 a 9,57 en 2017-2018 (IN40-S01-PM-01), mellorando tamén considerablemente a media da USC, que foi de 16,02% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);

- a taxa de abandono RD 1393/2007 aumentou no curso 2017-2018, ao pasar de 22,92% en 2016-2017 a 29,13 (IN41-S01-PM-01), aínda por encima da media da USC, que foi de 22,70% (2501099\_MedUSC\_2017-2018);

- a duración media dos estudos descendeu en 2017-2018 e pasou de 5,14 en 2016-2017 a 4,89 (IN38-S01-PM-01), baixando así da media da USC, que foi de 4,98 (2501099\_MedUSC\_2017-2018).

No CRITERIO 6.1 inclúese unha análise máis exhaustiva dos indicadores de resultados da aprendizaxe desagregados por cursos e materias cando é preciso.

## INDICADORES DE RESULTADOS E ACCIÓNS DE MELLORA

Estes resultados son tidos en conta á hora de mellorar a posta en práctica do plan de estudos. No IRA GLLI 2015-2016 ofrécese un breve percorrido polas actuacións levadas a cabo como consecuencia da análise periódica destes resultados con anterioridade ao curso 2016-2017 (pp. 56-57) e no *Informe de Seguimento 2016-2017* ofrécese un resumo das actuacións realizadas en 2016-2017 orixinadas no seguimento dos indicadores de resultados analizados no IRA GLLI 2015-2016. Durante o curso 2017-2018 desde a coordinación do GLLI mantívose a práctica iniciada como consecuencia da subtarefa 2 da Acción de Mellora 5 do IRA (AM 5.2 do IRA) co obxectivo de aliviar o “desequilibrio entre a alta taxa de éxito da materia TFG e as baixas taxas de avaliación e rendemento na mesma materia, que ademais condicionan a taxa de graduación” consistente en “Envío dunha mensaxe de correo electrónico aos titores e alumnos da materia TFG recordándolles a idoneidade de fixar con antelación un calendario de traballo axeitado para a realización do TFG”. A Acción de Mellora 5.1 do IRA solicitaba á ACMP información sobre posibles motivos do desaxuste anterior. Como resultado desta acción de mellora, sabemos que no curso 2017-2018 houbo 33 estudantes que superaron todas as materias agás o TFG (31 non o defenderon e 2 suspenderon) e foron un total de 44 os estudantes que non chegaron a defender o seu TFG despois de telo matriculado (20 non presentados e 24 renuncias (2501099\_INF.15\_2017-2018)). Polo tanto, podemos supoñer que 13 estudantes non chegaron a defendelo non por decisión propia, senón pola imposición administrativa que obriga a ter superados todos os demais créditos da titulación (I12\_GLLI\_Materias Superadas agás TFG\_2017-2018). Dado que os restantes 31 estudantes que non presentaron o seu TFG non tiñan impedimentos administrativos, cómpre manter como boa práctica o envío de mensaxes mencionado máis arriba. Como xa se argumentou no CRITERIO 6.1, o descenso na taxa de graduación non se corresponde cun descenso real no número de graduados en 2017-2018, que de feito mellorou o resultado do curso 2016-2017, cando a taxa de graduación foi do 50%.

No curso 2017-2018 pechouse a Acción de mellora 4 do Informe de Seguimento 2014-2015 que tiña como data de remate xullo de 2018 e como obxectivo “Diminución das taxas de abandono (IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01) da titulación”. A subtarefa 4.1 foi rematada en xullo de 2016 e a subtarefa 4.2, consistente en “Búsqueda e posta en marcha de estratexias, derivadas das reflexións levadas a cabo na tarefa 1, para mellorar as taxas de abandono na titulación”, foi pechada en xullo de 2018 como froito da reunión da Comisión de Calidade do Centro celebrada o 26 de xullo de 2018: a CCC debateu esta cuestión e decidiu pechar esta Acción de mellora incluíndo o seguinte comentario explicativo na Memoria de Calidade 2016-2017: “Non se prevén axustes nin novas tarefas, posto que a CCC considerou que non era factible poñer en marcha estratexias distintas das xa implementadas para mellorar as taxas de abandono nas titulacións de grao, por tratarse dun problema de carácter estrutural, imposible de afrontar dende un título ou dende un centro” (Memoria de Calidade do Centro 2016-2017, p. 22; [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoxia/calidade/Memorias\\_antiores/MEMORIA-DE-CALIDADE-2016-2017.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoxia/calidade/Memorias_antiores/MEMORIA-DE-CALIDADE-2016-2017.pdf)).

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA DOCENCIA RECIBIDA

O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, pasando de 3,84 en 2016-2017 a 3,88 en 2017-2018 (IN46-S01-PM-01), de xeito que este valor segue a ser similar ao de cursos anteriores (3,83 en 2014-2015; 3,93 en 2015-2016). O aspecto mellor valorado polos alumnos segue a ser “Resolve as dúbidas que se lle formulan”, que acadou un 4,20 (4,23 en 2016-2017), seguido por outros tres ítems que obtiveron valores superiores a 4: “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto” foi valorado en 2017-2018 cun 4,19 (4,10 en 2016-2017), “Explica a programación da materia...” acadou un 4,15 en 2017-2018 (4,06 en 2016-2017) e “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación” obtivo un 4,07 (4,09 en 2016-2017). Moi preto do 4 situáronse os valores obtidos por 5 aspectos: “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade” acadou un 3,88 en 2017-2018 (3,9 en 2016-2017), “Globalmente estou satisfeito con profesor/a...” obtivo un 3,85 (3,87 en 2016-2017), “Motiva a participación crítica e activa dos estudantes...” acadou un 3,84 (3,81 en 2016-2017), “Organiza ben as clases e explica con claridade...” obtivo un 3,84 (3,77 en 2016-2017) e “Considero que hai coordinación entre os profesores da materia obtivo un 3,80, moi superior ao 3,51 de 2016-2017, cando este fora o aspecto peor valorado polo alumnado. O aspecto peor valorado non baixou do 3,64 e foi “Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información...”. O resto dos ítems obtiveron valoracións entre 3,66 e 3,79, o que suxire un relativamente alto grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2501099\_INF.13\_2017-2018). De novo, cómpre salientar que os aspectos mellor valorados son precisamente aqueles que se refiren ao cumprimento da programación docente e, especialmente, os que se refiren



á boa relación establecida entre docentes e alumnado, o que subliña a boa saúde das relacións entre estes dous grupos de interese no caso do GLLI. Resulta ademais importante indicar o progresivo aumento na porcentaxe de participación do alumnado na enquisa de satisfacción, que pasou de 38,58% en 2015-2016 a 42,88% en 2016-2017 e a 43,75% en 2017-2018 (IN48-PM-02), o que non só ratifica a crecente fiabilidade dos resultados, senón tamén corrobora o efecto positivo das Accións de Mellora consolidadas como boas prácticas dirixidas a promover a participación nestas enquisas, segundo o compromiso establecido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y literatura inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* (pp. 7-8).

Os alumnos do GLLI que defenderon o seu TFG no curso 2016-2017 tamén amosaron un alto grao de satisfacción na relación establecida cos titores do TFG (4 en 2017-2018, 4,14 en 2016-2017) e nas valoracións globais da realización do TFG (3,74 en 2017-2018, 3,96 en 2016-2017), do sistema de avaliación empregado (3,62 en 2017-2018, 3,78 en 2016-2017) e da información recibida sobre o TFG (3,22 en 2017-2018, 3,18 en 2016-2017). Ata o curso 2016-2017 incluído, os trámites relacionados coa elaboración do TFG leváronse a cabo en papel, o que supoñía que moita da documentación que se ía xerando ao longo do curso non estaba dispoñible na rede inmediatamente, xa que requiría que os documentos foran entregados en persoa e despois escaneados. Como xa se comentou no *Informe de Seguimento 2016-2017*, esperamos que a posta en marcha na Facultade de Filoloxía da aplicación deseñada pola USC para a tramitación dos TFG permita mellorar este aspecto relacionado coa dispoñibilidade na rede de información puntual e persoal en cada momento do proceso de elaboración e defensa dos TFG, o que debería de redundar nunha mellora na valoración da información dispoñible sobre TFG na web por parte do alumnado. No curso 2017-2018 a valoración desta información foi a seguinte: a "Utilidade da información administrativa recollida na web" foi valorada cun 3,57 e a "Utilidade dos documentos colgados na web do centro" cun 3,10. Dado que foi durante o curso 2017-2018 cando empezou a funcionar esta aplicación para a tramitación dos TFG, houbo un inevitable desfase entre a información sobre o procedemento na Guía docente do TFG e o novo procedemento, que foi resolto a través do envío de mensaxes a todo o alumnado e PDI desde o decanato e desde a coordinación da titulación. A información sobre o novo procedemento estivo a disposición dos estudantes na aula de coordinación. A valoración da satisfacción manifestada polos estudantes nesta enquisa con respecto ás competencias adquiridas foi analizada no CRITERIO 6.1.

## SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA TITULACIÓN

A baixa porcentaxe de participación do alumnado nesta enquisa (15,15%) debido á relativa novidade da súa aplicación non permite garantir a representatividade dos seus resultados. En contraste co curso anterior, os valores acadados nos aspectos referentes á orientación ao alumnado, planificación e desenvolvemento das ensinanzas, recursos materiais e servizos, resultados e xestión de calidade non chegan á media da USC, agás no caso da proporción entre as sesións teóricas e as prácticas, no que a valoración da titulación foi de 2,88, fronte a 2,77 de media da USC (2501099\_INF.22\_2017-2018). Como argumentamos no CRITERIO 5.1 e acabamos de mencionar, os resultados desta enquisa resultan pouco representativos, dada a excesivamente baixa taxa de participación e tendo en conta ademais:

- o contraste entre os valores desta enquisa en 2017-2018 e en 2016-2017;
- o marcado contraste entre os valores desta enquisa e os valores positivos acadados noutras enquisas ao alumnado, como a enquisa de satisfacción coa docencia recibida, na que a taxa de participación superou o 43%; e
- o contraste entre os valores desta enquisa entre os estudantes do GLLI e os valores da mesma enquisa entre estudantes doutros graos da Facultade en aspectos compartidos por todo o alumnado do centro (por exemplo recursos materiais e servizos).

Estímase pertinente esperar a obter resultados da consolidación como boa práctica da Acción de mellora 1 do *Informe de Seguimento 2016-2017* que tiña o obxectivo de mellorar a taxa de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación de xeito que os valores resulten máis fiables e representativos. Propoñemos, ademais, unha acción de mellora para complementar as sesións de orientación organizadas en conxunto para todo o alumnado do centro a través da realización de reunións puntuais cos alumnos en colaboración cos coordinadores de cada curso.

En contraste coa valoración dos horarios que mellorou con respecto a 2016-2017, pasando de 2,39 a 2,60 en 2017-2019, a valoración do calendario de avaliación foi especialmente baixa (1,60). Como xa se comentou no Autoinforme de seguimento 2016-2017, a variedade de titulacións e mencións ofertada polo centro, xunto coa modularidade dos estudos, complica a organización do horario e das probas de avaliación, o que probablemente provoca unha percepción negativa destes aspectos por parte do alumnado. Pero, por outra banda, o alumnado parece demandar esa variedade, se temos en conta que, segundo o Informe da enquisa de satisfacción co TFG, (a) un 40% no caso do GLLI dos estudantes enquisados tras defender o seu TFG optaron pola modalidade Minor e que (b) os alumnos do GLLI que

responderon a esta enquisa se repartiron nun total de 8 módulos complementarios: o Informe sobre a enquisa de TFG amosa que os estudantes do GLLI se reparten dun xeito relativamente uniforme nos módulos complementarios: o 30% optaron por Lingua e literatura españolas, o 20% por Lingua e literatura francesas, o 20% tamén por Lingua e literatura alemás, case un 7% tanto por Lingüística e procesamento das linguas como polo Módulo básico de Lingua e literatura italianas, o 10% optaron por Linguas e comunicación, algo máis de 3% foi a porcentaxe de Aplicacións teórico-comparadas e Introducción á lingua e literatura galegas. Poder manter esta variedade de oferta (da que os estudantes de feito fan uso) ten como contrapartida a complicación dos horarios e calendarios de probas de avaliación (I4\_Enquisa Satisfacción TFG\_2017-2018).

## SATISFACCIÓN COS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

O grao de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade mantívose estable en 2017-2018 con respecto ao curso anterior, xa que o valor foi só lixeiramente inferior: 3,57 en 2017-2018 e 3,65 en 2016-2017 (IN15-PC-08). De novo, os valores máis altos e os que superan os valores medios da USC están principalmente relacionados coa universidade de acollida: a valoración da "Atención e acollida na universidade de destino" acadou un 4 en 2017-2018 (fronte ao 3,94 de media da USC), as "Infraestruturas e materiais dispoñibles na universidade de destino" foron tamén valorados cun 4,56 (fronte 4,09 na media da USC); 4,44 foi a resposta media do grao ao ítem "Recomendarías este destino" (fronte ao 4,41 da media da USC), a "Formación recibida na universidade de destino" obtivo unha valoración de 4,11 (fronte ao 3,93 da media da USC) e o grao de "Satisfacción xeral co programa de mobilidade" foi de 4,56 (fronte ao 4,48 de media da USC). Os aspectos peor valorados seguen a ser os relacionados cos trámites de solicitude, acordo de estudos e recoñecemento dos estudos realizados: os "Trámites para a solicitude e adxudicación" obtiveron unha valoración de 3,56 (mellorando o 3,14 de 2016-2017), fronte ao 3,77 da media da USC, a "Elaboración do acordo de estudos na USC" acadou unha valoración de 2,44, fronte ao 3,06 da media da USC, e a valoración do "Recoñecemento académico na USC" foi tan só de 2,25, fronte ao 3,27 de media da USC. Probablemente como resultado dos esforzos realizados polo centro a través do seu PAT para dar satisfacción á demanda de información dos alumnos sobre os programas de mobilidade, a "Información previa ofrecida polo centro" xa non é a peor valorada (3,67) entre as fontes de información mencionadas na enquisa ("Servizo de Relacións Exteriores" 4,11, "Oficina de Información Universitaria" 2,89, "Outras fontes" 3,38) (2501099\_INF.04\_2017-2018).

Non contamos con indicador sobre a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16-PC-08) nin co informe sobre a enquisa de satisfacción deste grupo de interese específico para o GLLI (2501099\_INF.05\_2017-2018), aínda que no informe sobre a enquisa de satisfacción deste grupo de interese a nivel de centro aparece rexistrada a participación dun estudante do GLLI (5040\_INF.05\_2017-2018).

## SATISFACCIÓN COAS PRÁCTICAS EXTERNAS

O grao de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas aumentou lixeiramente en 2017-2018 con respecto ao curso anterior, pasando de 4 en 2016-2017 a 4,39 en 2017-2018 (IN19-PC-09). Os ítems valorados cun 5 foron os referentes ás instalacións e medios materiais e á atención recibida por parte do titor de prácticas externas. En xeral, todos os aspectos obtiveron unha valoración moi satisfactoria, incluíndo a información e orientación ofrecidas polo titor académico, que acadou un 4,25, moi superior ao 2 do curso 2016-2017 e por riba da media da USC (4,13). A porcentaxe de participación na enquisa tamén se recuperou con respecto ao curso anterior, pasando de 25% en 2016-2017 a 40% en 2017-2018, o que en números absolutos implica que catro alumnos responderon á enquisa (2501099\_INF.06\_2017-2018). Esta mellora fai evidente a pertinencia do compromiso establecido no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación*, onde se especificou a conveniencia de manter como boas prácticas as Accións de Mellora recollidas en Informes de seguimento anteriores tendentes á procura dunha mellora na porcentaxe de participación nas enquisas (AM-1 do *Informe de Seguimento* 2012-2013, AM-8 do *Informe de Seguimento* 2013-2014, AM-2 do *Informe de Seguimento* 2014-2015) (p.7). Este aspecto foi incluído no *Informe final de evaluación para la renovación de la acreditación*, onde se fai referencia á Acción de Mellora 2 (AM-02) do *Informe de Seguimento* 2014-2015 (p.6), de xeito que esperamos que estas taxas de participación sigan a mellorar no curso actual 2018-2019, no que, respondendo ás recomendacións dos informes provisional e final de avaliación para a renovación da acreditación, estas Accións de Mellora están consolidadas como boas prácticas.

A satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas tamén aumentou no curso 2017-2018, e pasa de 4 en 2016-2017 a 4,06 (IN20-PC-09). Os aspectos mellor valorados polos titores externos foron a "Integración do alumnado no medio de traballo", o grao de "Satisfacción xeral con respecto á comunicación e coordinación cos responsables académicos", o grao de "Satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado" (os tres aspectos obtiveron un 4,33) e o grao de "Cumprimento das actividades asignadas" (4). Os aspectos peor valorados foron, polo tanto, a "Formación inicial teórica-práctica do alumnado" e a "Formación inicial en competencias profesionais", ambos valorados cun 3,67, moi preto da valoración media da USC, que foi de 3,87 e 3,82, respectivamente. Coma no caso dos alumnos,

a porcentaxe de participación nesta enquisa aumentou considerablemente con respecto ao curso anterior, pasando de 25% en 2016-2017 ao 100% en 2017-2018, o que en números absolutos supón que a totalidade dos titores profesionais (3) participaron na enquisa (2501099\_INF.07\_2017-2018). Como se reflexiona no parágrafo anterior, este aumento fai evidente a necesidade de manter o compromiso de transformar en boas prácticas as Accións de Mellora incluídas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do *Informe de Seguimento* 2012-2013, AM-8 do *Informe de Seguimento* 2013-2014, AM-2 do *Informe de Seguimento* 2014-2015), algo que xa se realizara parcialmente no curso 2016-2017 no caso das enquisas sobre docencia e se realizou plenamente no curso 2017-2018.

O grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas descendeu lixeiramente con respecto ao curso 2016-2017, pasando de 5 a 4,5 en 2017-2018 (IN21-PC-09). Segue a mellorar a taxa de participación, que pasa do 50% en 2016-2017 ao 66,67% en 2017-2018, o que supón a participación de dous titores. Todos os aspectos da enquisa foron por riba dos valores medios da USC: todos foron valorados cun 4,5, agás o grao de "Cumprimento do alumnado", que obtivo un 5 (2501099\_INF.08\_2017-2018).

## SATISFACCIÓN EGRESADOS

A satisfacción xeral dos egresados coa titulación mantense nun nivel moi próximo ao do curso anterior, pasando de 3,32 en 2016-2017 a 3,09 en 2017-2018, o que non supón unha diferenza moi significativa (IN42-S01-PM-01). Tampouco hai unha grande variación nos valores da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que pasaron de 2,98 en 2016-2017 a 2,97 en 2017-2018 (IN23-PC-12). Con respecto a este último aspecto é destacable que a valoración dos estudantes do GLLI dos servizos de información e xestión só supera a media da USC no caso da información ofrecida na propia Facultade (3,28 fronte a 3,27 de media na USC), no caso do resto dos servizos compartidos co resto do estudantado da USC os egresados do GLLI parecen ser máis esixentes, dado que a súa valoración non chega á media da USC: a Oficina de información universitaria obtivo un 3 fronte a 3,27 de media da USC, a UXA obtivo un 2,72 fronte a 3,38 de media da USC e a páxina web obtivo un 3,22 fronte a 3,41 de media na USC. Este nivel de esixencia mantense na maioría do resto das valoracións que quedan, en xeral, por debaixo da media da USC, pero preto dela. A discrepancia só supera o medio punto nas seguintes valoracións: "Formación práctica" (1,94 fronte a 2,74 de media da USC), "Prácticas externas" (2 fronte a 3,9 de media da USC), "Horarios, calendario de exames..." (2,17 fronte a 2,79 de media da USC) e "Xestión de reclamacións" (1,71 fronte a 2,74 de media da USC). A valoración dos egresados superou a media da USC no caso da "Contribución dos programas de mobilidade á súa formación" (5 fronte a 4,14 de media da USC), no caso das "Infraestructuras e materiais dispoñibles" (3 fronte a 2,98), no caso da "Biblioteca" (4,47 fronte a 3,95 de media da USC), no caso da "Cafetería" (3,82 fronte a 3,54 de media da USC) e, moi significativamente, tendo en conta o nivel de esixencia amosado polos egresados do GLLI nos resultados da enquisa, no caso da contribución da formación recibida ao "Pensamento crítico" (3,72 fronte a 3,50 de media da USC e 3,40 do curso 2016-2017). Como no caso das enquisas de prácticas externas, a porcentaxe de participación tamén aumentou lixeiramente, pasando de 16,95% en 2016-2017 a 29,03% en 2017-2018 (2501099\_INF.09\_2017-2018). Este aumento é probablemente resultado da consolidación como boas prácticas das Accións de Mellora propostas en informes de seguimento anteriores (AM-1 do *Informe de Seguimento* 2012-2013, AM-8 do *Informe de Seguimento* 2013-2014, AM-2 do *Informe de Seguimento* 2014-2015), labor que xa se realizara parcialmente no curso 2016-2017 (no caso das enquisas sobre docencia recibida e impartida) e se realizou plenamente no curso 2017-2018.

## SATISFACCIÓN DO PROFESORADO COA DOCENCIA IMPARTIDA

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida descendeu case imperceptiblemente no curso 2017-2018 situándose en 3,85 fronte ao 3,9 do curso 2016-2017 (IN47-S01-PM-01), de xeito que segue a resultar bastante equilibrado coa valoración da satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,88). O aspecto mellor valorado entre o profesorado é a "Coordinación dos/as distintos/as profesores/as dunha materia" que acadou un 4,35; este valor mellorou considerablemente no caso da enquisa sobre docencia recibida con respecto ao curso 2016-2017 pero segue considerablemente por debaixo aínda da valoración do PDI: 3,80. A única explicación posible é a escasa visibilidade do esforzo de coordinación dos profesores dentro dunha mesma materia cara ao alumnado. Outro resultado que contrasta entre estas dúas enquisas é o relativo á participación do alumnado no desenvolvemento das clases: este é un dos aspectos peor valorados polo profesorado cun 3,41, mentres que o alumnado pola súa parte si recoñece o esforzo do docente por motivar a participación crítica nas clases valorando este ítem cun 3,84, do que podemos concluír que, a pesar dos esforzos do profesorado neste senso e a boa sintonía entre profesorado e alumnado, aínda resulta difícil para o alumnado participar activamente nas clases. A boa relación establecida entre profesorado e alumnado é outro dos aspectos mellor valorados polo profesorado cun 4,07, resultado idéntico á valoración do alumnado da actitude receptiva do profesorado. Hai outros dous aspectos na enquisa de satisfacción coa docencia impartida que superan o 4: a valoración do "Material e servizos de apoio" acada un 4,17 e a valoración dos "Recursos do centro" foi de 4,13. Preto do 4 están as valoracións obtidas por tres aspectos: o "Nivel de coñecemento (por parte do profesorado) do nivel do alumnado" foi de 3,95, a "Satisfacción global co traballo realizado polo alumnado nas clases" obtivo un 3,76, e a "Actitude de interese cara á materia" do alumnado acadou un 3,80. O aspecto peor valorado polo profesorado en 2017-2018 como en cursos anteriores foi o nivel co que chega o alumnado que acadou unha valoración de 3,27 (2501099\_INF.14\_2016-2017). É importante subliñar

o aumento na porcentaxe de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida, que pasou de 43,65 en 2016-2017 a 48,33% (2501099\_INF.14\_2017-2018), probablemente como resultado das Accións de Mellora referentes a este aspecto, consolidadas xa como boas prácticas.

Dado que non contabamos con información sobre o grao de satisfacción do PDI co TFG no Autoinforme de seguimento 2016-2017, engadiuse unha Acción de Mellora co obxectivo de coñecer tal grao de satisfacción, que foi levada a cabo no curso 2017-2018 e teremos resultados no curso 2018-2019 (vid. sección Plan de Melloras: AM-2 (Curso 2017-2018).

## SATISFACCIÓN DO PDI COA TITULACIÓN

A taxa de resposta desta enquisa aumentou, pasando de 30,56% en 2016-2017 a 46,88% en 2017-2018. O grao de satisfacción manifestado por este grupo de interese coa titulación foi alta. De feito, oito dos aspectos valorados superaron o 4: "Disponibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación" (4,27), "Información pública dispoñible sobre a titulación" (4,13), "Información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos" (4,14), "Plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia" (4,20), "Competencias do plan de estudos" (4,13), "Calendario de probas de avaliación" (4,00), "Desenvolvemento das ensinanzas da titulación" (4,00) e "Difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...)" (4,00). Sete valores estiveron moi preto do 4: "Proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación" (3,87), "Aulas e o seu equipamento" (3,87), "Laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento" (3,92), "Accións de orientación ao alumnado da titulación" (3,80), "Información dispoñible en relación coa calidade" (3,87), "Canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns" (3,87) e "Vías de participación na mellora da calidade da titulación" (3,87). A valoración do resto dos aspectos foi inferior a 3,7, pero só nun caso baixou do 3,5, polo que o grao de satisfacción se pode considerar positivo: "Espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudos, aulas de informática...)" (3,57), "Coordinación entre as materias do plan de estudos" (3,53), "Competencias adquiridas polo alumnado" (3,6), "Organización temporal das materias do plan de estudos" (3,53), "Horarios da titulación" (3,60) e "Adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado" (3,6). Os aspectos peor valorados foron "Coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal" (3,40) e "Orientación profesional e laboral ao alumnado da titulación" (3,47). A Facultade de Filoloxía organizou varias xornadas relacionadas con empregabilidade, como se comenta no CRITERIO 5.1 do presente Autoinforme de Seguimento (p. 27), xornadas que foron comunicadas ao alumnado a través da aula virtual de coordinación, mensaxes de correo electrónico e carteis, polo que se espera que o grao de satisfacción referente a este aspecto mellore.

## SATISFACCIÓN DO PDI COAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

O grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas foi elevado e non mostrou variacións importantes con respecto ao curso 2016-2017, sendo a valoración media en 2017-2018 de 4,39 e en 2016-2017 de 4,30 (5040\_INF.10\_2017-2018), polo que a reflexión levada a cabo no IRA GLLI 2015-2016 parece seguir plenamente vivente (vid CRITERIO 4.1).

## SATISFACCIÓN DO PAS

A enquisa de satisfacción do PAS no centro tampouco amosa diferenzas significativas con respecto ao curso 2016-2017 e con respecto á media da USC: os resultados son, en xeral, positivos e próximos á media da USC; a valoración global do traballo foi de 3,67 en 2017-2018, fronte a 3,60 en 2016-2017 e 3,88 de media na USC (5040\_INF.21\_2017-2018) (vid. CRITERIO 4.2).

## SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

O PAS da USC está en xeral satisfeito coas actividades formativas desenvolvidas e a enquisa do curso 2017-2018 non amosa variacións significativas con respecto á enquisa de 2016-2017 (5040\_INF.11\_2017-2018) (vid. CRITERIO 4.2).

## SEGUIMENTO DOS INDICADORES DE SATISFACCIÓN

Os informes das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese son analizados anualmente pola Comisión do GLLI e a Comisión de Calidade do Centro nos procesos de elaboración dos informes de seguimento anuais da titulación. As conclusións de tales reflexións están recollidas nas actas das reunións destas comisións, nos Informes de Seguimento e nas Memorias de Calidade do Centro. Aínda que os resultados das enquisas sexan xeralmente satisfactorios, en ocasións deron orixe a Accións de Mellora recollidas nos Informes de Seguimento, como se amosa no IRA GLLI 2015-2016 (p. 61). Como se especifica no Autoinforme de seguimento 2016-2017, no IRA GLLI 2015-2016 recolléronse varias Accións de Mellora (moitas delas completadas no curso 2016-2017) que pretendían

dar resposta a algún dos aspectos avaliados nas enquisas de satisfacción (Autoinforme de seguimento 2016-2017 p. 49).

Con respecto ás accións de mellora orixinadas no documento *Alegaciones y plan de mejoras del Graduado o Graduada en Lengua y Literatura Inglesas* en resposta ao *Informe provisional de evaluación para la renovación de la acreditación* do GLLI, a Acción de Mellora 4, encamiñada á difusión dos resultados das avaliacións co obxectivo de animar á participación, foi executada no curso 2018-2019.

No Autoinforme de seguimento 2016-2017 propuxéronse tres accións de mellora relacionadas cos indicadores de satisfacción:

-AM-1: encamiñada a mellorar a taxa de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación. Esta Acción de Mellora foi levada a cabo parcialmente no curso 2017-2018 con resultado positivo e por iso se propón no presente Autoinforme manter como boa práctica o envío de mensaxes a PDI e alumnado animando á participación nestas enquisas no curso 2018-2019;

-AM-2: encamiñada a coñecer o grao de satisfacción do profesorado coa materia TFG, da que teremos resultados nos informes correspondentes ao curso 2018-2019;

-AM-3: encamiñada a obter resposta na enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### RESULTADOS DE INSERCIÓN LABORAL

Non contamos con información completa sobre os datos de inserción laboral dado que, coma no caso do IRA GLLI 2015-2016, non dispoñemos dos indicadores IN43G-S01-PM-01, IN44G-S01-PM-01, IN45G-S01-PM-01. Tampouco contamos cos resultados de inserción laboral do SIIU actualizados, así que recordaremos no presente informe as conclusións referentes a estes resultados incluídas no IRA GLLI 2015-2016 para a cohorte de egresados en 2013-2014. Tales resultados non eran os máis desexables, pero si indicaban unha evolución positiva, dado que tanto a taxa de contratos indefinidos como a xornada laboral e o grupo de cotización seguían un proceso de mellora que parecía prometer un futuro esperanzador:

- a taxa de contratos indefinidos pasou do 14% no primeiro ano ao 25% no segundo;
- a porcentaxe de contratados a tempo completo pasou de 12,5% no primeiro ano a 25% no segundo, e a contratación por menos de media xornada descendeu do 75% no primeiro ano a 58,3% no segundo;
- a porcentaxe de contratados no grupo de cotización baixo e manual descendeu de 17,5% no primeiro ano a 16,7% no segundo (2501099\_EIL-SIIU\_2015-2016).

3. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG GLLI_Informe Provisional Acsug Modificación Memoria_2017-2018 GLLI_Memoria Actualización resultados_2017-2018
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1 E3_FFiloxía_Informe Alumnado Primeiro_2017-2018
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5_GLLI_Actas CCC_2017-2018 E5_GLLI_Actas Comisión Docencia_2017-2018 E5_GLLI_Actas Comisión GLLI_2017-2018 E5_GLLI_Actas Comisión Prácticas Externas_2017-2018 E5_GLLI_Actas CTG_2017-2018 E5_GLLI_Actas Xunta Facultade_2017-2018
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6_GLLI_Recoñecemento de Créditos_2017-2018
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición	Autoinforme, Criterios 1 e 6

		resultados da aprendizaxe	
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501099_P.Ind_2017-2018
			2501099_INF.16_2017-2018
			2501099_INF.CIUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501099_P.Ind_2017-2018
			5040_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora	<a href="#">Web do Centro</a>

		da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501099_P.Ind_2017-2018
			2501099_INF.04_2017-2018
			5040_INF.05_2017-2018
			2501099_INF.06_2017-2018
			2501099_INF.07_2017-2018
			2501099_INF.08_2017-2018
			2501099_INF.09_2017-2018
			5040_INF.10_2017-2018
			5040_INF.11_2017-2018
			2501099_INF.13_2017-2018
			2501099_INF.14_2017-2018
			5040_INF.21_2017-2018
			2501099_INF.22_2017-2018
			2501099_INF.23_2017-2018
			2501099_Informe_de_indicadores_2017-2018
I4_GLLI_Informe Satisfacción TFG_2017-2018			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501099_P.Ind_2017-2018
			2501099_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501099_E15_2017-2018



4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2017-2018
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	2501099_INF.13_2017-2018
			2501099_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>

5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20_GLLI_Centros Prácticas Externas_2017-2018
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	<a href="#">Distribución Alumnado Prácticas Externas Filoloxía</a>
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	E24_GLLI_Listaxe TFG_2017-2018
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501099_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501099_P.Ind_2017-2018
			2501099_INF.17_2017-2018
			2501099_INF.18_2017-2018
			2501099_INF.19_2017-2018
			2501099 _ INF_SIIU_2017-2018
			2501099_Informe_de_indicadores_2017-2018
			I12_GLLI_Materias Superadas agás TFG_2017-2018
7	I13	Relación da oferta/demanda das	2501099_P.Ind_2017-2018

		prazas de novo ingreso	2501099_INF.CiUG_2017-2018
			2501099_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501099_EIL-SIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501099_P.Ind_2017-2018 2501099_Informe_de_indicadores_2017-2018 2501099_MedUSC_2017-2018 GLLI_Proposta PAA_2017-2018

**4 .MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS**

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN